

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día dezaseis de novembro de dous mil dezasete, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar, en primeira convocatoria, a sesión extraordinaria da Deputación Provincial correspondente ao debate do estado da provincia, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don Manuel Doval Soto, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, don José Antonio Feijóo Alonso, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Miguel Bautista Carballo, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o vicesecretario xeral da Corporación, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste a deputada do Grupo Socialista dona Elvira Lama Fernández.

Os deputados de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, ausentáronse do salón de sesións cando se iniciaba a votación das propostas presentadas polos diferentes grupos políticos.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense videoacta.depourense.es

1º.- DEBATE SOBRE O ESTADO DA PROVINCIA DE OURENSE, CORRESPONDENTE AO ANO 2017.-

Prodúcense as seguintes intervencións:

O Sr. presidente: señoras deputadas, señores deputados, convidados presentes neste salón de Plenos, presidente do Parlamento de Galicia, alcalde da cidade, subdelegado do goberno, delegada territorial da Xunta, autoridades e representacións. Veciñas e veciños que nos seguen en directo a través da páxina web da Institución. Senadores, senadora,

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

deputados nacionais. Diríxome por terceira vez, logo das sesións de 2014 e 2016, a este Plenario nun debate único en Galicia por innovador e que aínda non se celebra nas outras Corporacións provinciais do noso País. Un debate consecuencia dunha das medidas incluídas dentro do Código Ético e de conduta deste Concello de Concellos da provincia de Ourense, concretamente na Disposición adicional quinta que establece a súa celebración no mes de novembro.

Ourense non é unha illa, estamos dentro dun contexto nacional e internacional onde os movementos xeopolíticos séntense aquí, en maior ou menor grao, pero sempre con capacidade de influencia no noso entorno. En debates anteriores falamos do *Brexit*, neste toca falar do amago catalán anticonstitucional e ilegal que esperemos vexa unha saída ambiciosa coas eleccións autonómicas do 21 de decembro. Un escenario onde temos que volver a insistir no aspecto máis esencial da convivencia e da boa educación: o respecto. Respecto persoal e respecto político. Quen perde as formas perde o fondo, por moi fundamentado que pense que o ten. Quen non exhibe respecto persoal debuxa unha autodefinición pésima de si mesmo e sitúase nas catacumbas dos valores aos que debemos aspirar. Por iso, lembraba hai cinco días, na entrega do premio Ourensanía 2017, a esencia do noso pobo, de Ourense, de Galicia, e os argumentos históricos identitarios moi superiores aos que recorre quen intentou e segue intentando vulnerar a orde democrática en España, actuando contra a nosa Carta Magna instrumento útil de convivencia e progreso, como ten amosado nos case corenta anos de vixencia.

Dicía eu, no Teatro Principal, que en Galicia, na *Gallaecia* no ano 411 DC, creouse unha entidade política baixo forma de Reino que foi a primeira en todo occidente, sete anos antes da constitución do primeiro Reino Visigodo en Aquitania. Un feito que adquire unha especial significación no contexto político que estamos vivindo en España, pois Galicia que posúe argumentos históricos de peso inequívocos da súa identidade, que funden as súas raíces hai máis de 1.600 anos, constitúe un exemplo de nacionalismo moderado e integrador, nas antípodas das derivas nacionalistas extremistas e excluíntes.

Un contexto nacional e internacional que non debemos descoidar cando examinamos o estado da provincia de Ourense, en xeral de calquera territorio. Unha comunidade, a ourensá, onde podemos falar de calquera cuestión -nosa ou supranacional- con aspiracións de seu como colectivo que somos. Falemos da ordenación do monte, unha

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

das masas forestais máis valiosas de Europa. Falemos do mercado ecolóxico que vive o seu mellor momento, pois estamos no país da Unión Europea con máis hectáreas dedicadas á *agricultura bio*; porque o orgánico non é unha moda, estamos ante un hábito de consumo e sabemos que o gran reto é lograr que, en 2030, un 20% de todo o consumo interior sexa de produtos ecolóxicos fronte ao 2% actual, vela aí unha oportunidade competitiva para Ourense. Falemos das claves do crecemento: a internacionalización, a transformación dixital, a xestión do talento, a responsabilidade social corporativa; ámbitos onde esta Deputación está chamada a xogar un importante papel. Falemos do despoboamento, das conclusións do segundo Congreso Nacional celebrado en Huesca e onde participamos.

Falemos da necesidade de normativa específica, de financiamento axeitado e do liderado das entidades locais. Unha provincia, Ourense, cos concellos que máis se axustan en Galicia á Lei de estabilidade orzamentaria, con 86 dos 92 cumprindo o equilibrio nas súas contas. Unha provincia segundo datos de 2015, recompilados polo Consello de Contas de Galicia, que é a que máis fondos por habitante recibiu da Unión Europea, unha inversión *per cápita* de 40,12 €, sendo a media galega de 17,10 (máis do dobre).

Falemos, por que non, da cuarta revolución industrial e os seus efectos sobre o emprego. Falemos dun dos nosos produtos estrela, a castaña, que en Galicia fala con datos, exportando a 32 países, cunha facturación anual de 40 millóns de euros; un sector que exporta o 90% da súa produción e dá traballo a máis de 10.000 persoas.

Falemos, por que non, dunha evidencia: esta lexislatura debe completarse o AVE a Galicia a pouco máis de dúas horas da capital de España. Unha España, dentro dunha Europa, que apela constantemente a unha innovación para recuperar o liderado empresarial. E remíteme ao recente Foro de diálogo España-Italia coa intervención do primeiro ministro italiano, Paolo Gentiloni, a unha realidade preocupante como contemplar a ciberseguridade como unha materia pendente. Falemos e reflexionemos sobre a frase de Santiago Lago - director do Grupo Gen Plus, colaborador desta Deputación, experto de consenso no proxecto de reforma de financiamento económico- cando di que: *necesitamos acordos ambiciosos e non disensos reiterados*; referíndose ao Parlamento de Galicia para que defina e execute as estratexias colectivas que consoliden a competitividade galega. Repito, *acordos ambiciosos e non disensos reiterados*.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

Falemos da dixitalización como pilar mestre da economía circular, das chamadas compras verdes e socialmente responsables –catalizadoras da economía circular en España– onde o sector público é o maior comprador e contratante de bens e servizos; sabendo como sabemos que o gasto en compras públicas da Unión Europea ascende ao 14% do PIB e en España ao 18.

Falemos de tema capitais como a eficiencia enerxética, por exemplo. Permanezamos atentos ao primeiro *Smart Mobility World Congress* que remata hoxe en Barcelona que nos mostra, por primeira vez en Europa, o Volocopter e fálanos como aplicar a hiperloop. Esta provincia intelixente que hai semanas innovou, da man da empresa privada, á hora de acometer a problemática da vespa velutina.

Falemos da Unión Europea na que estamos e que debe compaxinar a política mediomambiental coa industrial. Falemos do noso entorno, dos parques industriais que deben renovarse para traer novos investimentos. Falemos da aposta polo sector agroalimentario con 282 empresas de Ourense que exportan. Falemos da multinacional galega líder mundial en pizarra natural, con sede en Ourense, que adquiriu unha importante importadora americana. Falemos da Facultade de Informática de Ourense, canteira de talentos. Falemos das denominacións de orixe vitivinícolas que lograron na última campaña a maior facturación dos últimos dez anos, en paralelo a un forte tirón de exportación; unhas denominacións de orixe que afortunadamente, tras a vendima, non perderon tanta produción como as previsións iniciais expuñan.

Falemos da expectación que xeran os resultados da nova Lei de fomento de implantación empresarial en Galicia. Falemos dos nosos parques empresariais, os segundos en superficie media das provincias galegas. Parques empresariais cos que seguimos abertos a colaborar, como facemos co máis grande de Galicia, o de San Cibrao con 4.800.000 m², máis de 360 empresas e máis de 8.000 traballadores.

Falemos sempre, señoras deputadas e señores deputados, coa suficiente perspectiva e con información; sen dúbida o contrario á mellor medicina para a demagogia. Falemos sempre dándonos conta do mundo interconectado onde vivimos e actuamos.

Falemos agora da economía ourensá e do mercado laboral en 2017, cun futuro onde ten un protagonismo especial o futuro tecnolóxico. Calquera valoración económica que fagamos ten que mirar necesariamente para os datos e proxeccións do Observatorio

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

Económico Ourensán, un instrumento único do contexto dos gobernos provinciais que debemos sempre poñer en valor que primeiro nos acuda a facer efectiva a visión integral de provincia e que debemos atender e segundo, porque constitúe o elemento obxectivo necesario para acertar nas políticas públicas que poñemos en marcha. O cambio de ciclo que afronta a economía Ourensá, desde finais do 2014, perdura no tempo, intensifícase e esténdese ao conxunto dos indicadores. Os números avalan a afirmación de que en Ourense estamos a vivir unha recuperación uniforme e sólida. A taxa provincial de paro descendeu ata niveis nunca vistos dende o ano 2009, está no 15,3% segundo recolle a EPA do terceiro trimestre, e mellorou catro puntos porcentuais no acumulado do ano 2017, nos nove primeiros meses, e 2,5 puntos na comparativa interanual. A taxa de ocupación alcanza valores de record dende finais de 2011, logo de avanzar un punto e medio dende comezos de ano e a taxa de actividade xa está a acompañar á baixada do paro e a subida dos ocupados, o que sempre constitúe o exercicio máis difícil da tripla reactivación laboral. No terceiro trimestre do ano houbo un incremento de 1.200 traballadores, subida do 0,92% con respecto ao trimestre anterior, o que permite que a provincia acade o dinamismo que lle achega sumar 130.000 traballadores activos, un chanzo que quedara diluído pola crise.

Por se as porcentaxes non fan xustiza na análise, tal vez os valores absolutos retraten mellor o que verdadeiramente está a acontecer en Ourense. Hoxe contabilizamos 5.700 parados menos que cando principiou 2017 e 3.900 menos que hai xustamente un ano. O número tan redondo que reflicte a EPA, o de 20.000 desempregados, indica nada máis e nada menos que preto a cuarta parte, o 22,2%, dos parados que sumaba a provincia no inicio de 2017 xa abandonaron esa situación laboral. Baixar o paro un 22,2% en nove meses non pode cualificarse que de fito histórico, de gran acontecemento e de nova dificilmente reproducibile mesmo nas economías máis desenvolvidas. E hoxe están a soste o mercado laboral ourensán 2.600 ocupados máis que ao peche do ano 16 e 1.200 activos máis que hai tan só tres meses.

Se atendemos a outro indicador de base, o das afiliacións á Seguridade Social, o trazo verde aínda se manifesta máis groso e rechamante. A cifra actual de 101.500 afiliados é o valor máis alto en seis anos. A provincia xa encadea a marca de trece trimestres consecutivos cun aumento das afiliacións en taxa interanual, na comparativa co mesmo trimestre do ano anterior; pero é que ademais, en sete deses trece trimestres, as subas

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

estiveron por riba do 1% , un fito máis que afianza máis a recuperación. O saldo dos nove primeiros meses de 2017 foi de 2.230 empregos netos creados no conxunto da provincia; en comparación con xuño, a provincia gañou 2.190 afiliacións nun só trimestre -no terceiro de 2017-, máis do dobre que de abril a xuño neste mesmo ano, cando se dera un alza de 1.036 afiliados.

Se falamos polo miúdo dos motores de creación de emprego, temos que citar en primeiro lugar ao comercio que, segundo a EPA, creou 2.500 novos empregos entre xaneiro e setembro deste ano; a continuación salientan á hostalaría con 2.300, a venda e reparación de vehículos con 1.100, a industria a alimentación e bebidas con 1.000, as actividades financeiras e os seguros igualmente con 1.000 e as actividades profesionais, científicas e técnicas co excelente rexistro de 900 empregos de saldo neto neste ano. A recuperación é un feito nos sectores tradicionais da economía provincial, agás na construción, e tamén resulta palpable e visible no sector tecnolóxico. O estudo pormenorizado no sector de vangarda amosa que en Ourense colleuse a tempo o tren das novas tecnoloxías e os datos corroboran novamente esta afirmación. No último período de 12 meses, para o que existen estatísticas desagregadas, o emprego nos chamados sectores de tecnoloxía punta, alta tecnoloxía e media alta tecnoloxía creceu de media un 5,7% en Ourense; son 250 novos empregos que sitúan en máis de 4.500 postos de traballo as profesións de elite que se están a exercer en Ourense. Esta evolución corresponde ao período comprendido entre setembro de 2016 e ao mesmo mes de 2017. Estamos a falar de profesións e de actividades como a industria química, a fabricación de produtos farmacéuticos, ópticos, electrónicos, informáticos; a fabricación de material eléctrico, a fabricación de maquinaria, as actividades tecnolóxicas de automoción e doutro material de transporte, o sector audiovisual, as telecomunicacións, a programación e a consultaría informática, os servizos da información, a construción aeronáutica, a fabricación de instrumental e fornecementos médicos e odontolóxicos e, por suposto, a I+D+I.

Se entramos no detalle das profesións que acabo de citar, o Observatorio Económico Ourense permite comprobar que nalgúns grupos a evolución do último ano é, sinxelamente, espectacular. Así, por exemplo, na I+D+I houbo no último ano un crecemento de emprego neto do 32,1%. Na programación, consultaría e outras actividades vencelladas á informática o repunte acadou o 25,1% ; mentres que noutros tres dos grupos

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

que definen o desenvolvemento tecnolóxico dun territorio, a creación neta de emprego en taxa interanual, supera o 8%, trátase das Telecomunicacións, da fabricación de material de equipamento eléctrico e de fabricación doutro material de transporte. O acompañamento tamén se está a propulsar dende as actividades tecnolóxicas do sector da automoción, nas que o emprego medrou un 3% no último ano na provincia de Ourense.

Pero falemos de proxeccións, proxeccións no horizonte do ano 2020. Estas proxección indican, nese horizonte, o do ano 2020, que asistiremos á plena recuperación e á estabilización do mercado de traballo Ourense; con máis de 105.000 afiliacións no conxunto da provincia, cunha taxa de paro situada na contorna do 12%, ou mesmo por debaixo, e din que seremos unha provincia con máis de 5.000 empregos de tecnoloxía punta, alta ou media alta. O planeamento, a estratexia de reactivación e as políticas que se veñen exercendo, tradúcense hoxe nun modelo produtivo en equilibrio e nun tecido empresarial en crecemento que, sen dúbida, van xerar estímulos máis que suficientes para captar inxeccións de investimento tanto privado, como público nos vindeiros anos. Xunto ao potencial dos sectores tradicionais, como a agroalimentación, o téxtil, o comercio, a pizarra, as enerxías ou a automoción; esta provincia engade o empuxe da tecnoloxía dixital, da economía verde, da economía social e da industria de nova xeración.

A Deputación xa activou todos os mecanismos necesarios para que o pulso dos sectores tradicionais se complemente coa consolidación e tamén coa chegada de empresas de éxito en sectores como a biotecnoloxía, os servizos informáticos avanzados, as novas enerxías, o medio ambiente, os composit, os novos materiais, automatización industrial, a micro electrónica e a aeronáutica na que xa contamos cun motor local de tanta relevancia como a factoría de COASA, integrada no Grupo Aernova, e que seguro se verá beneficiada polo contrato de 420 avións que pechou Airbus na feira de aviación de Dubai. Imos continuar, ademais, a aposta polos sectores emerxentes polas actividades intensivas en coñecemento e tecnoloxías avanzadas, é dicir, no que conforma o sector *high-tech*.

Porque, señoras deputadas e señores deputados, veciñas e veciños da nosa provincia, nos doce meses precedentes esta Deputación amosou con contundencia a súa utilidade ao servizo dos intereses provinciais, con dúas palabras por bandeira: a planificación e a innovación e, en todos os eidos, realidades. Cuestións non contempladas no Plan de mandato Ourense 15-19, cuestións innovadoras mostra da capacidade propositiva e de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

vangarda deste goberno provincial. Vela aí , exemplo desas realidades que conformarían por si soas un novo e completo Plan de mandato, e aí van 110 exemplos do realizado no último ano.

No ámbito da cultura e da auto identificación: a celebración do Congreso Internacional sobre San Martiño de Tours; o apoio á rehabilitación do poboado romano de Bande; a posta en funcionamento da rede provincial de espazos culturais; a constitución da Comisión provincial de patrimonio; a implicación na celebración das Letras Galegas na honra de Carlos Casares –a quen concederemos a medalla de ouro da provincia– colaborando coa Fundación que leva o seu nome, mesmo dedicando un monográfico da revista *Raigame*; a creación do premio Rodolfo Prado ao mellor xestor cultural de Galicia; os campamentos da Ourensanía no Corgo (Muíños); a adquisición do arquivo de *La Región* e *La Región* Internacional e os seus suplementos; promover o concertos de música medieval en Oseira, Santo Estevo e Montederramo a cargo de Carlos Núñez; organizar o primeiro ciclo de cinema euro-árabe; botar a andar a Fundación Blanco Amor; celebrar a Ourensanía 2017 con Miguel Ángel González e adicar o 18 á memoria de Ben-Cho-Shey; iniciar o expediente para a declaración como BIC da Ribeira Sacra; os concertos da Ourensanía da Coral de Ruada; ofrecer a nosa dispoñibilidade para colaborar no Plan director do Mosteiro de Montederramo; o apoio á Fundación Carlos Velo; o movemento para relanzar a figura de Florencio Delgado Gurriarán.

No apartado social: a alianza co Banco de Alimentos de Ourense, os acordos con Cruz Vermella, a constitución do Consello Social provincial con 24 entidades sociais da provincia, a cooperación coa Mancomunidade de Concellos do Carballiño, a colaboración con Cegasal para o acceso ao mundo laboral das persoas con discapacidade, o primeiro Foro Social provincial; o primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes.

Na área institucional e de funcionamento en rede con outros gobernos e institucións, a participación nas Conferencias de presidentes de Badaxoz e Segovia, a sinatura con Renfe do convenio para promocionar a provincia como destino termal, a sinatura co Grupo Gen Plus para liderar dende Ourense os estudos sobre municipalismo en España, as reunións en Ourense do Comité Técnico de Partenalia e a xuntanza extraordinaria do seu Consello Político que tamén presidín en Bruxelas; a cooperación co Concello de Ourense para

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

desbloquear 25 proxectos de 10 millóns de euros en investimentos; o noso papel activo na Comisión de Deputacións, Consellos e Cabildos Insulares da Federación Española de Municipios e Provincias; a capacidade de proposta e protagonismo na Comisión Permanente da Fundación Democracia e Goberno Local que agrupa a 25 gobernos provinciais de España; exercer con responsabilidade a Vicepresidencia da Federación Nacional de Concellos e Asociación de Concellos con Embalses e Centrais Hidroeléctricas; mesmo nivel internacional desempeñar a Presidencia de Partenalia -a Asociación de Gobernos Provinciais de Europa- ou a Vicepresidencia da Rede Europea de Cidades Termas Históricas froito da decisión unánime dos membros desta organización na que están representados 50 emprazamentos termas de 13 nacións; recibir o apoio da Unión Europea para tres proxectos da Deputación con Portugal; participar activamente no primeiro Cumio Hispano-Luso -o primeiro en democracia- de gobernos locais en Coimbra para potenciar a cooperación transfronteriza; colabora coa CEO en formación en comercio internacional; crear unha Comisión de incendios forestais e de emerxencias, que tratamos no pasado Pleno.

Na estratexia de goberno aberto e veciñal: protagonizar unha ponencia na Universidade Internacional Menéndez Pelayo sobre gobernos provinciais; semana escolar da provincia, volver a ser a primeira Administración Pública en España en aprobar os orzamentos do ano próximo.

No apartado de creación de emprego: o primeiro Plan piloto de emprego tecnolóxico entre Deputación e Viewnext do Grupo IBM coa Escola de Organización Industrial; a sinatura dun novo Plan activamos Ourense con ABANCA; a segunda misión comercial cos Estados Unidos; a misión empresarial científico-institucional a Israel –unha estratexia coa que continuaremos nos próximos meses, singularmente para apoiar ás empresas de Ourense na internalización dos mercados latinoamericanos e asiáticos-; a avaliación do programa Ourense Líder; a cooperación coa CEO e co círculo de empresarios de Galicia. Procurando sempre o mellor para os nosos programas produtivos; xuntanzas cos Consellos Reguladores; Foros como o *workshop* que celebramos da man do Grupo Colmeiro; reunións coas organizacións sindicais para avaliar os efectos dos terribles danos meteorolóxicos na provincia e poñendo sempre como prioridade o medio ambiente; as

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

alianzas coa *Waterquip Alliance*, a declaración de Ourense aprobada en Partenalia que fixa un pacto interprovincial europeo pola sustentabilidade.

¿Que dicir no apartado de cooperación cos concellos? O programa para a adquisición de desfibriladores, o sistema de xestión electrónica posto a disposición dos concellos da provincia, o programa piloto Revivenda en Oímbra e a Veiga, apoiando aos concellos afectados pola modificación da demarcación dos Rexistros da propiedade; poñer en marcha o Parque de Bombeiros do Carballiño que dará servizo a 48.000 habitantes de 23 concellos, un servizo de recollida de aceite de orixe doméstica, a posta en marcha completa do Consorcio Provincial de incendios; a decisión de ubicar en Castro Caldelas o Museo Antropolóxico da Ribeira Sacra; a liña de cooperación para elaborar os plans de prevención municipais previstos na normativa e a dispoñibilidade para axudas sociais e de infraestruturas a causa dos incendios; liderar a transparencia implantando un sistema de avaliación en tempo real; celebrar a sexta Xornada das Deputacións do Futuro coa temática da transparencia e protección de datos no ámbito local, organizar en Ourense o Congreso da Red Localis para falar de transparencia e innovación nas entidades locais; liderar os gobernos provincias de España en transparencia e tamén en comunicación política.

No ámbito do ensino, sendo fundamentais no ensino universitario, cos convenios co Campus de Ourense e no Padroado da UNED que teño a honra de presidir. Investir, xunto co Goberno Autonómico, 630.000€ en obras de mellora en 42 centros educativos da provincia. As bolsas Ourense Exterior para financiar estudos de mestrado a cinco estudantes estranxeiros.

Estando atentos, esta Deputación, este Goberno, á situación de entidades representativas da nosa sociedade, como o Ateneo de Ourense; asinando convenios como coa Asociación de Empresarios de Valdeorras, colaborar coa Federación de Comercio para realizar en 2018 un estudo innovador que analice produtos, servizos, e perfís socio demográficos, a alianza coa ruta do viño do Ribeiro.

En cuestións de termalismo e turismo: o programa de termalismo saudable do 17, a presentación en Fitur do xeodestino turístico Manzaneda Trevinca; a presentación en Bruxelas do Atlas termal; o Programa Provincial de Entroidos 2017. Participar na apertura do novo Balneario de Partovia, presentar o Pacto Termal nacional no encontro de vilas termais de España. Facer realidade en Ourense os terceiros encontros do Clúster de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

Turismo de Galicia. Presentar da man da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela o *Vademecum do termalismo de Galiza*. Formar parte de *La Vuelta* en 2017 promocionando a provincia termal. Apoiar a celebración en Foz de Igauçu de Termatalia en 2018. Presentar ao Goberno de España un plan da FEMP de dinamización rural baseado no termalismo.

Estando presente esta Deputación tamén no ámbito da innovación: organizando o primeiro Congreso Internacional de drons; inaugurando o Foro Territorio Intelixente en Compostela. A ICC Week 17 como referente de vangarda creativa. Recibindo esta Deputación o premio dos enxeñeiros informáticos de Galicia polo mellor proxecto innovador dunha Administración Pública: a Provincia Intelixente. Recibir o premio nacional ao mellor proxecto de contratación pública electrónica en España. Organizando o primeiro curso de pilotos de drons para emerxencias con homologación oficial en España.

Na atención aos máis novos: o programa ChegOu, as xornadas formativas con colexios sobre o bo uso da auga, acordar que no 19 Ourense acollerá a Olimpíada matemática cos mellores estudantes da ESO e de Bacharelato en España.

En materia de deporte, o sistema de innivación que se está a executar agora mesmo en Manzaneda; apoiar a presentación da candidatura e obter a responsabilidade de organizar, en Ourense 2018, o Campionato de España de baile deportivo ou deseñar e executar cooperando coa Xunta un plan de infraestruturas deportivas cun investimento superior a un millón de euros. Poñer en valor realidades como que Ourense conta co centro de control hidrolóxico máis moderno de Europa en Velle ou seguir apostando pola festa da palabra como mostra da nación cultural indubidablemente na que vivimos.

Señoras deputadas, señores deputados a provincia ten goberno de seu, a Deputación. Un Goberno cooperador cos concellos, co goberno autonómico, co goberno central, coa Unión Europea; pero fundamentalmente cooperador coas veciñas e veciños da provincia. Vela aí a nosa esencia, a cooperación -básica para materializar proxectos-, unha palabra clave na prestación de servizos que contén a Carta da Institución. Un Goberno transparente, o máis transparente dos gobernos provinciais de España, un eixo estratéxico e transversal desta Deputación.

Un Goberno que xestiona economicamente con rigor e responsabilidade. A primeira Administración Pública de España en contar cos orzamentos aprobados para o 2018, como

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

xa fixemos en anos anteriores, e como faremos en 2018 aprobando os orzamentos para 2019 o día 28 de setembro neste mesmo salón de Plenos. Unha previsión e unha previsibilidade que fan que todos gañen en seguridade xurídica e que, a partir do 1 de xaneiro, estean plenamente operativos. Uns orzamentos, os do dezaioito, que son os do emprego e a cooperación; pero tamén os que priorizan as cuestións sociais, as medioambientais e as de infraestruturas; convertendo a esta Deputación no mellor aliado dos concellos.

Un Goberno para unha provincia que coa chegada da Alta Velocidade, máis cedo que tarde, vivirá un momento que temos que aproveitar. Estar a pouco máis de dúas horas de Madrid sen dúbida xerará oportunidades para os sectores que identifican a nosa actividade económica; un revulsivo histórico para o noso termalismo, para o turismo cultural, para a nosa etnografía, para o noso sector agroalimentario. Sen dúbida, é a oportunidade de Ourense.

Son razóns que complementen o liderado xa real en sectores como o da pizarra, o téxtil, mesmo a innovación tecnolóxica e a nosa riqueza paisaxística e medio ambiental con enclaves únicos como a Ribeira Sacra para a que seguimos traballando cun obxectivo irrenunciable: conseguir que a UNESCO a distinga como Patrimonio Mundial. Unha provincia de Ourense que nestes anos viu como contamos con infraestruturas de relevo nos servizos públicos esenciais e basta citar o novo edificio xudicial, o novo hospital de vangarda, as comunicacións coas terras de Celanova e mesmo o novo edificio do Campus da Auga.

Un Goberno con capacidade de reacción, unha provincia cun goberno de seu preocupado por contar cun mapa de emerxencias no que a Deputación desenvolve un papel básico, co-financia o Consorcio Provincial de Incendios, asume o 40% dos gastos dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais -facéndose cargo tamén da parte que lle correspondería aos Concellos- e ten un rol fundamental en servizos de bombeiros como o da Asociación de Empresarios de San Cibrao ou os da Mancomunidade de Celanova. Un Goberno que estuda algunha fórmula de colaboración coas Agrupacións de Protección Civil existentes na provincia. Queremos pechar o círculo de seguridade tamén dispoño dese mapa provincial de emerxencias froito tamén dun acordo plenario.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

Unha Administración que colaborou, colabora e colaborará coas outras Administracións na loita contra a lacra dos lumes, tanto nas labores de prevención como de extinción e que conta con capacidade propositiva para avanzar aínda máis e como exemplo temos a moción sobre incendios forestais e emerxencias que aprobamos no pasado Pleno.

Señoras e señores temos vocación construtiva, erguémonos cada mañá para facer cousas por Ourense. Agradezo profundamente as achegas positivas e construtivas dos Grupos políticos, representan dez propostas, en tres deses Grupos políticos, que é quintuplicar o esforzo dun Pleno ordinario; vela aí a importancia deste debate sobre o estado da provincia. Sempre digo que esta Deputación ten que estra atenta a calquera proposta que vexamos útil para a provincia con independencia de quen a pense ou imaxine. Somos unha Administración *esponxa* que debemos incorporar de xeito permanente e natural ideas e procedementos que nos fagan mellores, máis eficaces e máis eficientes, porque a Administración pública é un terreo tamén perfecto para a innovación.

Ese, este, é o Goberno das realidades porque, parafraseando a don Vicente Martínez Risco y Agüero, *Ourense non é unha abstracción*. Escoitarei con atención as súas intervencións no que resulten de positivas para o presente e para o futuro de Ourense. Moitas grazas pola súa atención e moi bo día a todos.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas. Eu vou a facer, como habitualmente, a miña intervención desde o escano. Primeiro de nada, bo día señor presidente, bo día señoras e señores deputados, bo día convidados e público en xeral.

Desta volta comezou vostede o seu discurso falando do conflito catalán, de vulneración da legalidade do marco constitucional, quizais puido tamén dicir que non hai ninguén que vulnere máis a Constitución e a legalidade que o partido ao que vostede representa, o Partido Popular. Primeiro partido imputado, investigado segundo a nova nomenclatura, na democracia por corrupción estrutural ou de como o presidente do seu partido e do Goberno español, ministros e exministros, cargos públicos aparecen nos papeis de Bárcenas como perceptores de doazóns ilegais. Hai, señor presidente, poucas cousas máis ilegais e inconstitucionais que roubar ao pobo.

Pero vamos, ou vaimos, ao que nos ocupa que é a realidade da provincia de Ourense. Estamos aquí, unha vez máis, non só para facer unha análise desa realidade dende

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

a subxectividade de cada Grupo político; tamén para facer propostas co obxectivo de atopar solucións aos graves problemas que afronta esta provincia. Coincidimos con Democracia Ourensana en que este formato de debates está pensado exclusivamente para o seu lucimento persoal, mais entendemos que a cidadanía agarda de nós que teñamos altura de miras e que, máis alá da posición de cada quen, atopemos espazos comúns que permitan solucionar, ou cando menos paliar, as grandes eivas que afectan ao conxunto dos nosos conveciños. A nós puxéronnos aquí para iso polo tanto, aínda sabendo que é predicar no deserto, non imos renunciar nin a dar debates, nin a facer propostas. Ese é o grande reto e a grande responsabilidade que os cidadáns desta provincia delegan en nós e merecen que esteamos á altura das circunstancias.

Di vostede na páxina web, a propósito do debate de hoxe, que con esta iniciativa contemplada no Código Ético e de Conduta da Institución a Deputación de Ourense incide no seu compromiso de Goberno aberto e transparencia que a cidadanía por medio dun debate plenario que analiza a situación actual da provincia de Ourense e os proxectos e propostas que os Grupos Políticos na Corporación provincial teñen para a nosa provincia. Esa invocación permanente ao Código Ético –cómpre lembrar que ese mesmo Código ético tamén fala dunha Comisión que velará polo seu cumprimento, lémbrolle que na actualidade está dimitida- e á Transparencia xa forman parte dos seus sinais de identidade.

Tres son as cuestións das que se gaba en todas e cada unha desas entrevistas que lle fan, á carta, pagadas cos nosos cartos. A primeira delas ten que ver, precisamente, coa transparencia e co liderado desta Deputación nese ámbito. En realidade os índices de transparencia que elaboran e publican distintas organizacións do ámbito privado –resalto o de privado- están exclusivamente dirixidos a medir o nivel de transparencia das Institucións públicas a través dun determinado número de indicadores; en ningún caso eses índices miden –así se constata expresamente- o nivel de corrupción ou a conduta de persoas que poidan pertencer administrativamente ou dirixir politicamente esa ou outras institucións. Isto pode producir un paradoxo de difícil entendemento, vostede ou calquera dos deputados e deputadas poderían estar incursos nun caso de corrupción, mesmo ser condenados, e nembargante iso non produciría ningún efecto nos *rankings* que avalían os índices de transparencia. Cando se presume de ser transparente, señor presidente, hai que actuar en consecuencia, máis alá do mero formalismo de cumprir unha serie de índices. Ser

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

transparente implica comparecer cando os Grupos da oposición o piden; dar puntual información cando se solicita; dar facilidades para consultar a información que é requirida, etc...

Tan só dous exemplos prácticos do que estamos a falar. Nós vimos de pedirlle, en Plenos pasados, que dadas as denuncias formuladas por traballadoras do servizo de limpeza, nas que se denuncia algo tan delicado como un presunto acoso laboral, se convocara unha reunión ao efecto na que estiveran presentes os responsables de supervisar o prego de condicións, entre outros. A resposta foi non. Vimos de pedir, no Pleno pasado, que se convocase una Comisión de Investigación para abordar as moitas dúbidas que está a xerar a xestión da auga nos concellos de Punxín, San Amaro e Cenlle, a súa solución foi darnos dous arquivos cheos de documentos como se con iso quedaran resoltas as dúbidas que os Grupos da oposición temos ao respecto. Cando existen dúbidas, o mellor modo de resolvelas e a través do contraste entre as partes algo no que semellan vostedes non querer entrar.

Ser transparente significa que todas as empresas da provincia ou de fóra que contratan con esta Casa teñan as mesmas oportunidades. Na práctica, todos sabemos que iso non é certo; só uns poucos afortunados dese *entramado* no que hai varias empresas con distinto nome pero que son o mesmo, son os que se levan case a totalidade das obras que adxudica esta Deputación que son moitas porque para iso, por exemplo, xa se encargan de endurecer as condicións para que non poidan ser os Concellos os que adxudiquen as obras dos Plans provinciais.

Ser transparente implica que calquera persoa que opta a un posto de traballo nesta Institución teña as mesmas oportunidades de acadalo e que principios de igualdade, mérito e capacidade sexan máis que un *desiderátum* contido na norma; que cando se ofertan prazas de emprego público as academias desta provincia poidan dicirlle aos alumnos que poden preparar as oposicións da Deputación con absoluta garantía igual que cando as preparan a corpos da Xunta e do Estado.

Ser transparente implica non retorcer o Regulamento para impedir que os Grupos da oposición poidan facer o seu traballo de fiscalización e control ou de xeito propositivo a través das múltiples iniciativas que se presentan cada ano. Ser transparente significa repartir

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

o diñeiro público con criterios obxectivos; porque señor presidente, a transparencia é incompatible co clientelismo

A segunda das cuestión que repiten sistematicamente ten que ver coa redución da débeda, atribuíndose o mérito en exclusiva. A redución da débeda é incuestionable, aí están os datos, mais é unha verdade a medias porque vostedes non contan o porqué desa redución nin a costa de quen. O porqué non é froito da súa brillante xestión, senón dunha obriga legal consecuencia do Plan de axuste que tivo que aprobar este Pleno para obter a aprobación do goberno de Madrid e poder acceder a un crédito para afrontar a monumental débeda que existía cos provedores. Vostede tamén debería explicar, cousa que non fai, cal foi a fórmula elixida para reducir a débeda; por unha banda incrementar as taxas das instalacións deportivas e por outra subir a achega dos Concellos nos convenios de cesión de tributos do 3% ao 5% o que supón máis dun millón de euros ao ano en ingresos para as arcas provinciais. A costa dos cidadáns e dos concellos claro que resulta máis doado reducir a débeda, como diría aquel: *con pólvora allea dispara calquera*.

A terceira o superávit que vostede achaca a unha boa xestión do orzamento. O que para vostede é unha boa xestión orzamentaria non é , nin máis nin menos, que unha deficiente execución cunha finalidade única: aprobar logo de cada orzamento sucesivos expedientes de modificación de crédito para repartir o diñeiro entre os concellos afíns. Esa é a verdadeira realidade que se agocha baixo esa pretendida gran xestión. A súa xestión orzamentaria, esa da que a cotío sacan peito, é de todo menos brillante, por non cumprir nin tan sequera cumpren a legalidade que tanto ben din e non o dicimos nós, dino os técnicos desta Casa que manifestan nun informe que no Plan de subvencións hai detectadas desviacións nas previsións iniciais. Son os técnicos señor Presidente, non o BNG, os que precisan que na meirande parte dos casos vostedes conceden axudas sen estar previstas ou que teñen difícil encaixe nas liñas de actuación planificadas. Son vostedes os que incumpren a regra de gasto, a verdade é que teñen sorte de que Montoro non interveña as contas desta Deputación como fixo co Concello de Madrid.

Dixo o poeta británico Alexander Pope que *o que di unha mentira non se da conta do traballo que emprende, pois ten que inventar outras mil para soster a primeira*. Señor presidente, isto é exactamente o que vostede leva facendo día tras día desde que herdou esta Deputación. Para que os seus embustes poidan resultar cribles só se precisan dúas cousas:

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

repetilo ata a saciedade como un mantra e ter a imprescindible complicidade mediática para que a caixa de resonancia sexa moito maior. Para o primeiro só compre vontade de mentir, para o segundo que haxa quen estea disposto a darlle difusión e cando se paga, e ademais se fai co diñeiro de todos, as cousas son máis doadas.

A súa acción de goberno está baseada en anuncios, a cada cal máis esperpéntico, baleiros de contidos cunha única intención: facerlle ver á opinión pública, especialmente a aquela que só ten acceso aos medios convencionais de información, que a Deputación fai cousas. Viven instalados na política mediática, un claro exemplo son as proposta de resolución que hoxe traen a este debate: EmpregOU, ExportOU, mesas técnicas, un compendio inacabable de Plans de todo tipo que na práctica non serven absolutamente para nada, agás para pagarlle ás consultoras externas que os deseñan.

Fagamos un repaso das cuestións máis salientables deste ano, ou cando menos das que máis páxinas ocuparon nos medios e analicemos cal foi o resultado. Misión USA. Un dos seu anuncios máis espectaculares foi o da expedición aos Estados Unidos na que se investiron 200.000€, diñeiro que se pagou á Fundación Advanced Leadership para organizar a viaxe de 14 empresas, a maiores doutros 103.000 para esa mesma entidade por unhas becas para que sete ourensáns puideran facer prácticas en empresas americanas. Da segunda expedición só sabemos o que din os medios. Quizais o máis relevante do traballo desenvolvido ata o de agora pola Fundación, sexa destinar un terzo do orzamento para viaxes, hoteis e comidas. O resultado, tanto da primeira expedición, como da segunda, aínda o estamos agardando.

Outro momento estelar, probablemente *o momento*, foi cando nos visitou Robert Kennedy Jr. Seguramente ese é un dos episodios, e mire que vostede tenos *inolvidables*, que figurará con letras de ouro no seu álbum persoal. Vostede asinou cos súa ONG un protocolo co obxectivo de analizar a posibilidade de colaborar conxuntamente e realizar estudos de protección dos ríos da provincia. Resulta insultante, por non dicir outra cousa, que vostede asine un protocolo de colaboración cunha entidade que descoñece absolutamente a nosa realidade cando a Confederación Hidrográfica Miño-Sil ten elaborado múltiples informes ao respecto de todos e cada un dos ríos da conca nos que, ademais, xa dá as solucións.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

Outro tema, fondos EDUSI. No que respecta aos fondos EDUSI, véñese de constatar o que era un segredo a voces para todos menos para vostedes que se negaron por activa e por pasiva a ver a realidade que tiñan diante dos ollos. Vostede, e o señor Pumar de xeito especial, foron incapaces de facer a máis mínima autocrítica no Pleno de maio deste ano no que se abordou esta cuestión; pola contra utilizaron a estratexia de culpabilizar aos demais da súa incapacidade e soberbia.

Señores e señoras do Partido Popular, vostedes viven na improvisación permanente; gobernan a golpe de ocorrencia en función do que diga a actualidade social e política do momento tentando eludir a súa responsabilidade en todas e cada unha das situacións como se a cousa non fora con vostede. Arde a provincia polos catro costados afectando a zonas da Rede Natura, zonas Lic, zonas de especial protección, poboacións...¡Pois nada! presentamos unha moción e sacámonos da manga unha Comisión Permanente para estudar os lumes. Este ano en Ourense, sen contar os grandes lumes producidos antes da vaga de outubro e a falla de sumar os datos dos pequenos incendios, foron máis de 22.000 as hectáreas ardidas, 6.769 en zonas protexidas. Os lumes, por máis que o repitan na televisión que teñen ao seu servizo e nos xornais de cabeceira, non son un produto dunha trama organizada de malvados pirómanos como os propios fiscais se empeñan en demostrarllo; teñen o berce en casos estruturais que acaban posibilitando que xente abandone o rural. E esas son as que hai que analizar e esas son sobre as que hai que incidir. Dos datos do Instituto Galego de Estatística pódense facer moitas lecturas, unha delas é que no que vai de 2017 o número de persoas que se deron de baixa no Réxime Especial Agrario era, aproximadamente, 300. Deste simple dato xa se poden extraer unhas primeiras consecuencias funestas para o rural, para a economía da provincia e para o medio ambiente. A xente non abandona os pobos e aldeas por pracer, faino porque non ven a máis mínima expectativa de vivir con dignidade o cal acaba provocando o abandono das explotacións, ao non existir continuidade, e como consecuencia a proliferación do mato o que resulta o cóctel perfecto para a propagación de lumes cada vez máis devastadores. Por certo, nós levamos pedindo un cambio de modelo dende hai tempo. Pedimos, entre outras cousas, que se implementen medidas de valorización do monte e que haxa máis medidas dedicadas á prevención que á extinción. A recente imputación do Director Xeral de Ordenación Forestal da Xunta, xunto con outros altos cargos da consellería, fala ben ás claras do porqué da

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

aposta do seu partido por un determinado modelo que se ten revelado ineficaz. Vostedes, co afán de non asumir a súa corresponsabilidade nesta desfeita, volven a crear unha vez máis a crear Comisións para non se sabe moi ben que e organizar cursos de formación. De acometer medidas estruturais, nada de nada.

Señor presidente, din que apostan polo emprego mais non destinan un só euro a un sector tan importante, de tanta relevancia para a nosa provincia como o sector primario que debería ser a xoia da coroa e unha das principais prioridades de acción política nunha provincia eminentemente rural. Escoiteille, en datas recentes, dicir que vostedes apostaban polas empresas de Ourense –por algunhas é evidente- é pola vertebración da provincia. ¿Pode dicirlles aos ourensáns que co novo Plan de transporte que vén de aprobar a Xunta de Galicia se cumpren esas premisas? ¿Pode explicarlle aos veciños e veciñas desta provincia que fixeron vostedes para evitar que a Xunta poña en marcha un Plan que o que pretende é darlle o *finiquito* ás empresas pequenas e medianas do sector que, en moitos casos, son as que máis postos de traballo crean nos concellos onde están radicadas?

Nesa vertebración da provincia nada falan do oriente ourensán que leva décadas clamando por unhas infraestruturas dignas do século XXI; nin tampouco doutro gran esquecido, o sur, especialmente a comarca da Baixa Limia. Hai anos que o tecido asociativo desta comarca vén demandando das distintas Administracións un trato xusto e igualitario co resto de territorios do país. Resulta un agravio comparativo ver como, mentres hai diñeiro para rematar infraestruturas viarias do resto de Galiza –sen dúbida necesarias-, as da nosa provincia sofren retardos, parálise ou simplemente son anuladas. É ¡inadmisibile! Estamos a falar de vías estratéxicas que vertebran a provincia tanto polo leste, a través de Ponferrada, como polo sur, a través da conexión co norte de Portugal, onde hai unha masa crítica de preto de dous millóns de habitantes. A vía rápida Celanova-Lindoso-Ponte da Barca é, e debe ser no futuro inmediato, ademais dunha oportunidade de ouro para o desenvolvemento económico da comarca da Baixa Limia, unha demanda irrenunciabile. Agardemos que se sumen a ela.

Cando un goberno di que está cos seus conveciños e ceconveciñas non pode ser contemporizador e mirar cara outro lado cando os seus dereitos están a ser lesionados polas decisións que se toman noutras instancias. Señor presidente, en Ourense desmantelouse o servizo de cirurxía pediátrica. O CHUOU, que en 2009 contaba con catro especialistas,

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

pasou a ter dous e, dende hai uns meses, tan só un a piques de xubilarse o que provoca continuos atrasos nas intervencións e traslados a Vigo co conseguinte prexuízo que iso ocasiona para as familias e os propios nenos e nenas. Esta situación constitúe unha clara discriminación para os cidadáns de Ourense e para os nenos dunha das provincias máis envellecidas e cun índice de natalidade que, no caso de non ser corrixido, conduciranos á implosión social. Non abonda dar axudas á natalidade hai que loitar para que os servizos que os ourensáns gozamos ou gozabamos non sexan desmantelados; por non falar da situación da sanidade nas comarcas de Verín e Valdeorras onde, non hai moito tempo, centos de veciños e veciñas saían as rúas para protestar polo desmantelamento da súa área sanitaria e en oposición ao Anteprojecto para modificar a Lei de saúde de Galiza.

Este está sendo un ano especialmente difícil para o sector primario desta provincia señor presidente; o máis relevante, polo impacto que ten para a economía de moitas persoas. O peso de ocupación nel, aínda que se reduciu nos últimos anos, aínda supón o 15% de todos os traballadores do País. Ourense, en particular, é das provincias con maior importancia deste sector en relación ao PIB por enriba doutras con claramente maior superficie territorial. Vou rematando. A climatoloxía adversa, primeiro cos efectos da xeeda e agora coa prolongada seca está a provocar perdas cuantiosas en moitas comarcas. Primeiro foi o viño coas catro denominacións de orixe da provincia afectadas, en maior ou menor grao. Agora, produto do estrés hídrico ou por falla de auga, a práctica totalidade da colleita de castaña en concellos como Riós ou Viana do Bolo que producen dous millóns de quilos desta froita. A repercusión negativa na apicultura, na produción de cogomelos, na gandaría de leite e de carne porque escasea a forraxe e falta auga para darlle de beber aos animais. Moitos produtores, de continuar a seca, xa están pensando en vender ou sacrificar as reses. E non só para a agricultura e a gandaría, esta situación tamén está a provocar restricións de auga para o consumo domiciliario nalgún concello pola presenza de compostos orgánicos volátiles froito da reacción da materia orgánica que transporta a auga e a imposibilidade de facer unha depuración en condicións.

Agardabamos, señor presidente, que diante desta situación crítica para moitos e complicada para outros, anunciara algunha medida de choque no debate de hoxe; mais vemos que o seu reino non é deste mundo e que as cousas terreas, pouco ou nada, lle importan. De momento nada máis. Moitas grazas.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: si. Voy a hacer una innovación tipo JM Baltar, las que é le llama innovación. Ya que estoy aquí, voy a hablar aquí, me voy a hacer un *selfie*. Esto es lo que el llamaría *soy el primero en hacer un selfie en Orense cuando doy un chat*, no sé qué.. Es lo que él llamaría: una innovación. Todo el discurso que dio aquí, más o menos de este *rollo*.

Bueno, vamos allá queridos telespectadores o querido público, es igual. Llama la atención la gran cantidad de palmeros que vienen aquí a esta obra de teatro que hace JM Baltar. Es realmente triste que venga el número uno, diputado del Partido Popular, en Madrid. También viene la número uno de la Xunta de Galicia. Ha estado aquí el alcalde. Realmente, tanto el diputado en Madrid como la diputada en la Xunta son responsables de la tremenda discriminación de esta provincia, Orense, que año tras año en los presupuestos sigue siendo la gran discriminada. Sin embargo tienen la jeta, siendo ellos responsables de que Orense esté a la cola en todo... No olvidemos que hace medio siglo teníamos 480.000 habitantes y ahora tenemos 309.000 y estamos a punto de bajar, cuando este loco de aquí –luego diré por qué es un loco- acabe este mandato Orense podría bajar de los 300.000 habitantes por primera vez en la historia. 300.000 habitantes y podría incluso perder un diputado en Madrid. Pues esa es la historia, él está intentando cuadrar todo, no haciendo inversiones para que la deuda llegue a cero, que no es ningún mérito, simplemente no gastas los impuestos que cobras y la deuda claro que llega a cero. Si no gastas los presupuestos, es normal y quiere vender esa moto. No se da cuenta que, cuando llegue el 2019, va a conseguir que Orense tenga menos de 300.000 habitantes. Ese es realmente el dato, todo lo demás, *son contás*.

Me hace gracia porque, todo lo que nos contó en este debate...Por cierto, el alcalde ya se ha ido, como ven es un alcalde *selfie* que lo único a lo que viene aquí es a hacer la pelota. Quiere, obviamente, ser candidato en las próximas elecciones como alcalde de Orense; le tiene que venir a hacer la pelota a aquí al jefe del partido en Orense, Baltar, por eso ha venido a escuchar, de palmero, y ahora ya se ha marchado. Simplemente vino a escucharlo un rato, le importa un bledo esto y se marchó. Pero Jesús Vázquez va a ser el candidato, sin duda, para las elecciones de Orense porque esta persona necesita una marioneta para él intentar destacar más y Jesús Vázquez es la marioneta perfecta. Obviamente va a ser él. Decir que me da pena que vengan estos palmeros que han venido hoy aquí a escuchar a Baltar porque eso demuestra lo patético de un *showman* como José Manuel Baltar. Un tío que se tiene que traer sus

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

palmeros; o sea, voy a hacer una gira por ahí y me llevo mis palmeros. Eso es realmente triste que tenga que traer aquí, el tío, palmeros. Es tremendamente triste.

Pues miren, estaba hablando durante quince minutos de todo lo que son las excelencias de la provincia. Ustedes han escuchado aquí como estaba *desbarrando* él de todas las excelencias de la provincia. Esto me recuerda a un chiste de la Unión Soviética, en ese chiste entra una persona del partido de la URSS, de la KGB, bueno de la policía política de la URSS, a un colegio de primaria de la Unión Soviética, de la extinta Unión Soviética, y le empieza a hablar de la Unión Soviética. *Somos los mejores en esto, los primeros en esto, es donde mejor se vive* –todo igual que JM Baltar- y al cabo de un rato en la clase, diciéndole todo lo bueno que era la Unión Soviética, al cabo de un rato un niño se echó a llorar. Le dicen: *¿pero qué te pasa? Pero ¿por qué lloras?* Y dice el niño: *porque yo quiero vivir en un país así.* Bueno, pues este igual, todo lo que estaba diciendo, todo lo que estaba diciendo....yo, mañana mismo si en Estados Unidos, en Nueva York, necesitan un discurso para Nueva York dirían: *oye, necesitamos un discurso para la tele, pon ahí del tipo de Orense, lo subtitulamos, le cambiamos lo de Orense por Nueva York y cuela igual porque está hablando de una súper potencia.* El discurso que hizo hoy Blatar vale perfectamente para Tel Aviv, vale totalmente para Tel Aviv o para Hong Kong o para Nueva York, para el no va más, o para Shangai, totalmente. Porque daba la sensación de que no estaba hablando de la última provincia de España, o la penúltima, andamos ahí luchando entre Zamora y Orense, estamos ahí siempre luchando en el ranking. Pues daba la sensación de que no estaba hablando de todo eso. Por eso digo que estamos ante un loco, totalmente ante un loco. Lo que me da pena de esta persona, lo que es triste de él, fíjate, cuando no se inmuta... Hoy lo estuve leyendo precisamente antes de venir aquí, una de las características de los psicópatas es que no tienen estrés, no se inmutan. Todo el mundo me dice: *pero, tú cuando le dices todas esas cosas, que a veces le hablas incluso de lo que le pasó estos días...* La mujer acaba de ser condenada por falsificación, un año de cárcel, la mujer de este elemento la acaban de condenar a un año de cárcel por falsificación en los papeles del Ayuntamiento de Orense. Lo normal es que, cuando tú le hables de eso, la persona se enerve y él está tan tranquilo. Mire, mire, mire, parece una estatua y ¿saben por qué es? Por un psicópata, porque emocionalmente no le afecta. Los psicópatas son así, es algo fascinante. Psicópata de corbata, no digo psicópata de ingresar porque es un tío

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

perigoso que ataca a la gente; no, es un psicópata de corbata como los que dicen que son normalmente el 5% de los altos directivos.

Digo que esta persona ni siquiera es original. Por cierto, él se sentía totalmente inexpugnable; pero fíjate que ahora, si a la mujer la condenaron, este igual cree que va a quedar libre de las dos animaladas que hizo, una fue la del Francisco II. Me hace gracia porque en su discurso una de las cosas de las que habló fue de respeto, ¿cómo tiene el valor de hablar de respeto una persona que hizo lo del Francisco II con el acoso sexual, ofreciendo prebendas para conseguir sexo? Prebendas además públicas. Decir que me hace gracia porque, rescatando ese tema, hemos visto también que el actor Kevin Spacey, la productora Netflix no quiere saber nada de él, lo ha echado por hacer lo mismo que hizo Baltar. Ahí lo tienen, esta persona aquí el PP no lo echa. Son todos ustedes responsables del Partido Popular y todos estos palmeros. Estos son los palmeros habituales y estos los palmeros ocasionales. Son realmente responsables de que esta persona siga aquí. En Netflix se echó a Kevin Spacey por hacer lo mismo que él, por buscar favores sexuales aprovechándose, obviamente, de ofrecer prebendas.

Lo que estaba diciendo, ni siquiera es original porque lo que ha hecho él aquí es lo que hacía la Unión Soviética, o la República Democrática Alemana. La República Democrática Alemana –que era una dictadura- le llamaba República Democrática Alemana. China que es una dictadura, le llaman República Popular China, o sea del pueblo que el pueblo realmente elige y lo mismo ocurre con Corea del Norte; es decir, ni siquiera es original: decir, donde peor está la provincia, que eres el mejor eso ya no es excepcional porque lo hacen todos los partidos comunistas, todas las dictaduras. Es una persona tan patética que ni siquiera es original en eso.

Todo su discurso se ha basado en lo que se llama –es tan predecible, es patético- en lo que se llama *falacia de evidencia incompleta* (pueden después consultarlo: falacia de evidencia incompleta), cojo los datos que a mí me convienen. *Falacia de evidencia incompleta*, popularmente conocido como una verdad a medias; va diciendo por ahí verdades a medias y tal. Es como un tipo que queda último en la Liga y le dicen *¿qué tal la temporada pasada en fútbol? Hombre, pues imagínate, el partido de noviembre ganamos 3-0 que fue el partido mejor jugado. Y ¿cómo quedaste? No, farolillo rojo.* Pues este igual, falacia de evidencia incompleta, va cogiendo lo que realmente le interesa para el tema de destacar,

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

mentir y engañar a la población porque, obviamente, si hacemos una verdad a medias, dicen que es de las mayores mentiras.

Habló del tema del Código Ético cuando dimitió todo el personal del Código ético de aquí porque vieron que todo esto era mentira. Y se atreve a hablar de código ético la persona que hizo lo del acoso sexual y que su propio Código Ético dimitió todo porque sabe que esto es una pantomima. ¡Y aun se pone aquí a hablar del código ético! ¡Hay que tener valor!

Yo tenía preparado, aquí, lo que íbamos a decir hoy, pero realmente después del discurso de él, otro discurso del megalómano, hace que cambie realmente todo esto. Como se suele decir, un modismo en inglés que a él tanto le gusta, *all bets are off* (todas las apuestas están canceladas) porque realmente después de todo el discurso que hizo, todo lo que iba a decir yo lo cambié para adaptarme un poco a lo que ha dicho. Simplemente decir un dato, rescatar que hay un refrán que dice: *no culpes al mar de tu segundo naufragio*; que es lo mismo que decir: la primera vez que me engañas es culpa tuya, pero la segunda vez es mía. La primera vez que nos engañó viniendo a hacer aquí esta pantomima, ¡pues vale, nos engañó! Vinimos aquí a hacer diez propuestas, las diez propuestas que trajimos no nos hizo ni caso, nos *puteó*, simplemente venimos aquí de figurantes para que él tenga el gran show del día de hoy. Esto que viene a hacer aquí es un espectáculo de él, como para él aquí es un juguete que le dejó su padre; pues él aquí viene a jugar como un niño pequeño. Entonces dice él, voy a hacer como hacen en la Nación española –en Madrid- o en Santiago que es: el Debate del Estado la Provincia y hago un símil de esos. Entonces, tiene su día, su juguete. Nosotros no vamos a ser partícipes de ese juguete. Cómo vamos a traer aquí 40 propuestas en un día, si resulta que en los Plenos, durante un mes, se dedica normalmente una moción por partido, al mes, y ahora quiere traer 40 en media hora para su juguete. ¡Está de coñas! Además, el año pasado trajimos 10 y nos despreció las 10. ¡Nada! Nuestra única propuesta es que esto no se vuelva a celebrar obviamente.

Tengo que decir una cosa, este año sí que es verdad que hay que rescatar...Tengo aquí una anotación anotada antes de que se me olvide y se pase el tiempo, que pone, además salió ahora en la noticia: ayer se vendió un cuadro de Leonardo Da Vinci –creo que el único de Leonardo Da Vinci- y se vendió ayer en 380 millones de euros, vale. Rosendo, coméntanos otra vez esto que no se puede confundir valor y precio, con el tema del archivo de *La Región*, que no se le podían poner precio a las cosas, ¿nos lo puedes repetir?.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

Vamos con lo que ha dicho él. Ha hablado del tema de la castaña –fijaos lo loco que está- que dice: *la castaña le da trabajo a 10.000 personas* (por eso decía antes lo de falacia de evidencia incompleta), dice la castaña le da trabajo a 10.000 personas. ¡Hombre, pero acláralo! Le da trabajo a 10.000 personas durante dos semanas, o tres. Le da trabajo a 10.000 personas, parece que le da trabajo todo el año. ¡Le da trabajo a 10.000 personas, durante dos semanas!

Dice que Europa ha invertido en Orense, donde más ha invertido; pero, ¿por qué no cuentas la verdad? ¿Por qué no cuentas la verdad? Porque no cuentas que Orense con el cómplice con la persona que se marchó hace un rato, el alcalde de Orense; Orense es la única capital de Galicia, la única de las siete grandes ciudades gallegas, la única de las cuatro capitales y la única de las siete que perdió los fondos europeos EDUSI, 15 millones de euros. ¡La única! Mientras Vigo consigue 15, Coruña consigue 15, Orense -optaba a 15 porque pasa de 100.000 habitantes de momento- perdió los 15, Lugo consiguió 10, Santiago consiguió 10 millones de Europa y nosotros hemos conseguido cero. Esta es la gestión de este hombre. Todo lo que le contó es mentira. Lo que importa es lo que digan realmente los jueces: los números. Orense cero millones. Vigo 15, Coruña 15, Santiago 10, Lugo 10; hasta Marín consiguió 4 millones de euros y este cero con la propuesta que hizo. ¿Saben que propuestas hizo en el EDUSI? Las mismas que aquí, de un auténtico loco que vivía en el país. Entonces al llegar los europeos, el Comité, dijeron *¿pero esto qué es? ¿Esta propuesta qué es? Toma, ponle ahí un cero*. Y nos dieron un cero porque las propuestas son las propuestas de una persona que vive en la China, una persona que está al margen de la realidad. El discurso que ha dicho hoy aquí, que nosotros repetiremos en la tele constantemente porque mucha gente nos dice: *oye, ¿es bueno que pongáis a la competencia?* ¡Cómo no la vamos a poner! Cuando sale este tío, hay que ponerlo siempre. Es como cuando en el Concello de Orense sale hablando, de Ourense el Común, el Doval. Lo tenemos que poner siempre al Doval hablando. Y este igual, cuando está hablando Baltar, siempre, porque es perder votos constantemente. La gente lo ve y alucina.

Habló del *Hyperloop*, resulta que todavía no sabemos qué vamos a hacer con la estación del AVE, que igual nos ponen ahí el muro de las lamentaciones, no sabemos qué vamos a hacer con la variante exterior, todavía no tenemos AVE desde Zamora a aquí, y habla del *Hyperloop* de California .

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

Habló de la pizarra y pone como un logro que ya no esté en manos gallegas, que hayan tenido que venir los *yanquis* y los alemanes, que están comprando la pizarra del Barco y lo pone como un logro. ¡Lo ha puesto como un logro! En vez de decir estamos perdiendo nuestra industria que está yendo a manos extranjeras, a manos foráneas; lo pone como un logro. Ustedes recuerdan cuando fue el tema de la compra de las eléctricas que no querían que vinieran los italianos a comprarla y que el Estado español vetó aquella compra porque no quieren que caigan en manos extranjeras; este lo pone como un logro.

Habla del paro porque se redujo el paro. ¡Claro! En toda España, pero Orense sigue a la cola. Es normal que en Orense se reduzca el paro si se va la juventud. ¡Es normal! Si se va la juventud es normal que se reduzca el paro. Orense tiene tres grandes problemas: *a xente maior morre por desgracia*, ley de vida hasta que los inmortalistas consigan avances, *de momento a xente maior morre*; *novos nacen poucos, nenos nacen poucos e os novos vanse*. Llevamos con este *rollo* seis décadas y eso es realmente lo que nos frena, todo lo demás son cuentos.

Ponía como logro su gran gestión y resulta que el otro día aquí a Pablo se le escapó una cosa (Pablo aquí el diputado del PP) dice: *tenemos 50 concellos a la lista de espera para que le dejemos motobombas de agua para los incendios*. O sea ¡ahí es dónde está diciendo las carencias que hay! Es decir, en lo más importante que es en caso de un incendio, tener la maquinaria necesaria, dice: *tenemos a 50 concellos en lista de espera*. Pues ¡ahí es dónde están las deficiencias! ¡Ahí es donde no puede sobrar nada! Y luego habla de los congresos. Habló del congreso de drones, pero ¿por qué no dijiste la verdad? Resulta que nosotros hacemos un congreso de drones y Lugo, con la Xunta de Galicia, se lleva una fábrica de drones, en las Rozas creo que es, que va a generar 600 empleos y una inversión de 115 millones de euros. Oye, vamos a hacer una cosa, *o congreso que o metan no carallo, que o leven para Lugo e traemos de Lugo a fábrica para aquí*. ¿Por que non fas ese cambio? Joder, al final tengo que tener lenguaje vulgar porque no me queda otra. *Mete o congreso no cú, trae para aquí o da Roza, o de Lugo, que fagan aquí a fábrica con 600 postos de traballo e o congreso méteo no cú*. ¿Para que queremos o congreso, por que non traes o de Lugo?. *Non sei se darlle a volta ao atril e mirar así para ti a ver se reaccionas*.

Resulta que habló de la cuarta revolución industrial. Orense todavía no pasó de la segunda *e xa o tipo está falando da cuarta e aínda non superamos a segunda en Ourense*.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

Habló del archivo de *La Región*, ¡Dios mío, no te das cuenta que esto va a ser tu final! Él se cree inexpugnable, igual se ríe, pero a tu mujer...ríete por lo de tu mujer, a ver ríete un poquito, ríete un poco por lo que le pasó a tu mujer. Ahí no te ríes. Pues con *La Región* creo que le va a pasar lo mismo porque lo tenemos bastante atado; creemos que la malversación de fondos públicos está más clara que el agua. No lo decimos nosotros, lo dicen terceros y los papeles y las pruebas que tenemos. Esperemos también que va a pasar, de momento lo que tiene que decir la Audiencia de si Baltar va a juicio por el tema del acoso sexual. Desde luego, si no va a juicio sería la primera vez, en los últimos cinco años, que eso ocurre en Orense; porque siempre que se apeló a la audiencia, la audiencia rebotó todos los casos. Fueron a juicio los del Bloque, fue a juicio el padre, fue a juicio...todo el mundo acabó yendo a juicio, aunque después fueran culpables o no. Esperemos que Baltar no sea el primero que la Audiencia diga: no, este que no vaya a juicio. De momento fue todo el mundo. Después ya vemos qué pasó.

Habló de la Vuelta Ciclista a España y resulta que el año que gastamos dinero para que la Vuelta Ciclista a España estuviera en Orense cuatro días (nunca estuvo 4 días la Vuelta Ciclista a España en una provincia) en el mes de diciembre de ese mismo año, Orense fue la que menos subió el turismo de toda España. Eso son datos, eso no son *baltaradas*, eso son datos. ¿De qué sirvió que viniera la Vuelta Ciclista a España, si ese mes somos los últimos en turismo? ¿De qué sirvió que viniera?

Esta persona, para que vean lo gestor que es, el COB está a punto de descender porque va en la liga fatal, pero el COB estaba en la ACB, fue esta persona quien lo hundió con su bestial gestión. El COB ya no levanta cabeza. La primera vez que Baltar echó mano de algo fue cuando el Club Orense Baloncesto estaba en la ACB. Fíjense dónde acabó y así va a llevar a esta provincia. Ojo que va a llegar al 2019 con menos de 300.000 habitantes.

Habló de la Ribeira Sacra, pero ¿por qué no das un dato real? ¿Qué es realmente el dato real? A la gente...lo bonito, lo bonito no acaba realmente de fijar de ser vital a la hora de prosperar ser una población. Lo digo porque el otro día estuve en Madrid y los alrededores de Madrid, como todos ustedes conocen, son de las cosas más feas del mundo, hablo de los barrios de Madrid, es de lo más feo que puede haber en el mundo, Fuencarral mete miedo; sin embargo está lleno de población ¿por qué? Porque hay trabajo. Orense es una ciudad y una provincia preciosa y la gente emigra porque no hay trabajo. El trabajo es lo vital. Yo soy de allí, de la zona de Parada do Sil, siempre digo eso que mis cuatro abuelos y mis ocho

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

bisabuelos son de aquela zona, y hace veinte años tenía 1.000 habitantes Parada do Sil, hoy tiene 580 habitantes. Esa es la realidad. Es un sitio precioso para ir y volver en el mismo día, pero ¡tiene 580 habitantes! Esa es la realidad. Cuando la declaren, como dice él que la puede declarar la UNESCO Patrimonio de la Humanidad, igual tiene cerca de cero habitantes. Sería la primera vez que se declara una zona con cerca de cero habitantes; bueno no, no Cañón do Colorado creo que *non vive alí xente*.

¿Qué más le puedo contar? Me hace gracia que tantas promesas que hizo, tantas promesas que hizo y esta gente de la Xunta de Galicia que está ahí se adueñó de una propuesta de Democracia Orensana, la del parque acuático, pasaron ya unos 18 meses y ¿dónde está el parque acuático? Ni gota, hasta la sequía, en este caso, se alía en contra suya. Es tremendamente triste. No vamos a participar obviamente en el circo de una persona que lo único que hace, esto, es para vanagloriarse él; una persona que busca su juguete y este es su juguete y nosotros simplemente aprovechamos este *speech* para tener la ocasión de revelar que esta persona está al frente de la provincia hundiéndola. Todo lo que ha dicho es un discurso de un loco porque los datos reales son que Orense está en la cabeza del tren de cola de prácticamente todo en España. Hay alguna gente que dice que en la cabeza que no. Lo medible, no es opinable. No tienes más que ir al Instituto Nacional de Estadística y ya está. Lo medible, no es opinable. Es absurdo discutir. El otro día me decía de una persona si era alta o baja, digo yo: oye, si soy alto o bajo yo no se discute. Mido 1.62 y punto.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:

señor presidente, señores vicepresidentes, señoras deputadas, deputados, autoridades que asisten a este debate –permítanme que non os individualice, que non os nomee, por temor a deixar a alguén fóra-, señoras e señores que nos están vendo e escoitando moi bo día e grazas por asistiren a este debate sobre o estado da provincia.

Falemos da provincia e das súas xentes pois, de onde Ourense é o mundo e o mundo é Ourense. Señor presidente, mentres vostede nos asombra, ano tras ano, con relatos políticos grandilocuentes e totalmente alleos á realidade; esta amósase rebelde e caprichosa, transita por vieiros diferentes aos que vostede lle pretende marcar. Mentres nos pretende asoballar cos seus fondos coñecementos aprendidos grazas a asesores e demais fornecedores de información punteira; os pensionistas ourensáns viven cunha media de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

671,69€ ao mes, case 100€ menos que a media do resto dos galegos e galegas. Vostede creu, señor presidente, ao herdar o cargo que podería imprimir un selo persoal á presidencia desta Deputación. Nada que obxectar, cada quen aspira –como é lóxico e lexítimo- a deixar a súa pegada; pero perdeu a perspectiva de que está en Ourense. Non preside vostede un Lauder alemán ou un estado de Connecticut, decidiu ser o Ronald Reagan ourensán a pesar da súa falla de experiencia cinematográfica e vendernos un relato ficticio.

A construción do seu relato político pretende dicirnos quen é vostede, cales son os seus obxectivos políticos; pero carece de algo esencial: da conexión coa realidade. Vostede propón unha certa visión do pasado, do presente e do futuro que, máis que sesgada, é ficticia. En política, á hora de falar dos *toytelling* ou de contar contos pódese empregar o que se chama o relato do desafío, é dicir a vontade propia trunfa sobre a adversidade; ou do de conexión, o que establece similitudes ou empatías con outros que atravesan polas mesmas dificultades. Mal de moitos, consolo de parvos que se di na miña aldea. Polo que se ve, non emprega nin o un ni o outro; vostede é máis de relatos creativos e fantasiosos, re-encadra os problemas, propón innovación e cambio e inspira unha nova visión. Talmente como se tivésemos a un Obama entre nós, pero o problema son os vimbios.

Vaiamos á realidade, ¿como se pode re-encadrar o problema de vivir con 400€ da agraria nunha aldea na que quedas ti e outras dez persoas? ¿cunha lista de agarda para que che manden unha persoa de axuda no fogar que vai para cinco anos de agarda? No mellor dos casos, compartes a casa co teu cónxuxe ou ides tirando; no peor –como lle pasa a moitas persoas- quedas viúvo ou viúva e apandas con iso e máis co que recibes da viuvez. Se os fillos están a traballar na vila máis próxima porque abandonaron o campo, ou en Ourense, aínda tes sorte porque te veñen levar, de vez en cando, ao súper ou ao médico. En moitos casos nin iso se da porque marcharon para Vigo, para Coruña ou para máis lonxe co cal tes que contratar a unha persoa unhas horas ao día de luns a venres, o que vén sumando uns 500€ -sen ser moito gañar, diso falaremos despois-; así que apandas co que che queda de xuntar as dúas pensións e non te queixes de que o Concello che vaia quitando servizos porque son insostibles, ou porque poidas correr o risco de caer nun cumareiro porque non hai *farolas* como na vila.

Poboación de Ourense en 2016: 314.853 habitantes, pensionistas: 109.074; por certo, afiliacións á Seguridade Social en alta laboral: 101.557 –a setembro de 2017- uns

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

7.500 menos ca pensionistas. Con estes vimbios, vostede ¿que fai? Semella que nacese fóra do seu tempo. Pasa dos 50 anos pero podería ser xa un *postmillennial*. Na época de vender fume, vostede vai de primeiro sen dúbida. Tanto monta un *photocall* como misión internacional, como unha provincia intelixente. O caso é enchernos de termos raros e inintelixibles que nos abraian ou nos fagan calar por estar en inglés; de paso, adorna vostede o *chollo* con *selfies* e xa temos o circo montado. Debe sentirse tremendamente defraudado coa herdanza recibida porque semella que cre que está chamado a facer mellores fazañas.

Prosigo a falarlle do único problema que entende, posto que o que falamos a pé de rúa non o capta. Os relatos políticos, ademais, definen estilos de liderado a partir de certas claves que se repiten e van delineando unha forma determinada de comunicar (véxase Orlando D'Adamo ou Virginia García Beaudox). Poden ser frases, verbas, palabras, cores, referencias recorrentes, recordos de logros pasados e momentos emotivos que nos amalgamen esta historia compartida. No caso que nos ocupa, temos o azul ourensanía, a ourensanía acompañada do seu correspondente *hashtag* e en todos os recunchos, incluídas as toallas da discordia, e as referencias recorrentes á internalización da provincia. Podemos incluír tamén a caseta da Deputación na que os verdadeiros *millennials* agardaban o bus e agora serve para que as viúvas de antes vaian pasar a tarde recollidas.

A poboación maior de 65 anos supera o 30% e a de 0 a 15 apenas supera o 10%; porque, a pesares das axudas á natalidade, en Ourense apenas nacen nenos. Taxa bruta de natalidade é do 7,79% e a de mortalidade supera o 14%. O índice de envellecemento está por riba do 233% e o número medio de fillos por muller está 1,03. cada vez somos menos e máis vellos. Vivimos un comezo de ano angustioso porque o primeiro ourensán non acababa de nacer, non é de estrañar. Eses que agardaban o bus, eses *millennials*, na caseta da Deputación hoxe agardan por outros buses. Andan hoxe en Madrid, Barcelona, na Coruña ou polo estranxeiro (somos unha provincia cunha alta mobilidade, como diría quen sabemos), se teñen crianzas vai ser aló e, como moito, por morriña, veñen ao CHUOU por aquilo de conservar a tradición. Doulle outro vimbio para o seu relato, señor presidente, desde finais de 2007 marcharon 16.726 ourensáns e ourensás para outra provincia. Nin as súas bolsas en Estados Unidos conseguen retelos.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

Ao seu relato de política-ficción fáltalle algo de construción do mito. Os mitos actúan como unha amalgama que integra e resignifica historias compartidas, como lle comentei antes. Falamos do caciquismo, que agora se fai 2.0 cun pau *selfie*, pero que lle vén sendo a mesma historia de toda a vida. Renega vostede dese mito, construído con paixón polo seu antecesor durante 25 anos, porén segue a pasar o rodete da maioría para aprobar sucesivas modificacións de créditos para asignar velorios, aquí e acolá, en concellos afíns politicamente. Dixen o dos velorios con intención, por unha banda pola absoluta falla de planificación de asistencia aos concellos neste aspecto e, por outra, porque lle son dun concello no que lle temos claro, fai tempo, que a industria da morte é unhas das mellores apostas de futuro nesta provincia. Soa duro, xa o sei, soa cruel; cecáis non estea acostumado, pero chámase: realidade.

Como tanto lle gusta a vostede, seguiremos empregar termos postmodernos para definir a súa acción política. Ao campión da transparencia venlle ben adoptar o estilo do que se vén chamando *política líquida* e explícolle porqué; non a vostede que seguro non lle cómpre, pero si á maioría dos mortais que nos movemos no terreo do tanxible. O sociólogo, recentemente falecido, Zygmunt Bauman ten un grande recoñecemento ante todos os predicadores da nova política; sen que ninguén deles caia na conta de que as súas definicións certas veñen como anel ao dedo das súas deplorables prácticas políticas. A finais dos 90 acuñou a definición de *modernidade líquida* para definir á sociedade na que agora vivimos. Este termos caracteriza á sociedade actual como chea de tempos e valores líquidos, volubles, flexibles e inestables. Os acontecementos deste Plenario, sen ir máis lonxe, só duran unhas horas e reciben respostas *ad hoc*, de acción-reacción, o tempo que nos leve escribir un *tweet* ocorrente que condense o noso pensamento. Hai tempo que esta definición saltou ao mundo da política e ofrecemos respostas cambiantes, inconsistentes, volubles e mesmo frívolas que somos capaces de substituír ao día a seguir, sen a maior reflexión ou quebranto. Ningunha formación escapa deste xeito de facer política, nin sequera o seu partido. A solidez, a planificación, a coherencia e a constancia son termos *vintage* que seica non dan respostas ás demandas cidadáns e que pretenden unha política *fast food* de consumo rápido. Eu chámolle: política das ocorrencias. No canto de planificar, orzamentar e crear unha estratexia sostible, vén sendo máis doado poñer en marcha programas piloto feitos *ad hoc* para alcaldes amigo que abordar o problema do

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

despoboamento nesta provincia. Á falla de oportunidades para asentarse no rural, poñémoslle nome bonito: *Revivenda* e saímos a vender o produto. Como iso, tamén podemos entrar en terreos máis graves como o do benestar social algo básico nunha provincia con tantos núcleos de poboación dispersos onde é moi complicado ofrecer servizos sociais e calidade que cheguen a todas e a todos. Non temos ansias de poñer en marcha un servizos que funcionen en rede, nin de gastar cartos para que todos os concellos teñan acceso aos mesmos profesionais de atención; así que anunciamos a primeira bolsa de emprego socio-sanitario, despois chamámoslle social, e montamos outro Cumio. O caso é ter a foto de rigor aínda que os concellos de menos de 5.000 habitantes non mancomunados sigan a velas vir.

Dígolle que vostede é un experto neste xeito de facer política por varias razóns. A primeira, é moi hábil creando mantos de escuridade sobre as circunstancias que nos rodean e isto lévao a poñer en práctica a consecuencia do anterior: a responsabilidade líquida. Ten vostede por costume collerse o mellor de cada avance político co que nos ilustran os tempos. Transparencia si, se iso significa pór en marcha unha web e publicar o que xa está visto; pero coa transparencia ven emparellada a rendición de contas e, iso, xa é outro cantar. Faise esta sesión ao ano para facer que rende contas ante os ourensáns, pero na realidade vén aquí contarnos o seu relato de política-ficción adornado con citas de políticos e pensadores, máis ou menos progresistas, para rematar ofertando unha serie de medidas estrela que en nada cambian a vida da xente que di gobernar. As consecuencias do seu gobernar teñen nome e apelidos e son persoas que non viven dos seus discursos, nin do seu modo de licuar responsabilidades de xeito máis ou menos grácil e banal. Son eles os que lle esixen responsabilidades, a cidadanía, non os seus deputados e deputadas aplaudindo a súa excelsa oratoria. Son familias que viven na imposibilidade de quedar nos lugares onde naceron. Os gandeiros mozos, como Xoán de Viana o Bolo ou Miguel de Maceda quen, con vinte cinco anos, decidiu deixar un posto fixo para criar redes autóctonas no seu pobo, en Santirso, e que se ve rendido ante a seca e os lumes forestais. Véñse a baixo a consecuencia da desidia xeneralizada de quen o goberna.

Faga un relato coa súa historia, baixe da nube da realidade virtual e pregúntelle por que non pode afrontar a compra de máis forraxe despois dos lumes que asolagaron os seus montes. Non pode porque xa gastou os cartos en comprar alimentos cando a seca os deixou

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

sen forraxe para as súas vacas. Cando nós o alertamos, aquí neste Pleno, e nos *tildaron* de pouco menos que se esaxerados. Virame vostede agora con que pode recorrer ás subvencións da Xunta para mozos e emprendedores no rural; pois direille que o sistema é perverso a parte de ineficiente. Miguel non pode recorrer a estas axudas porque a carga gandeira é moi importante como criterio para recibilas, así como as hectáreas de terreo nas que pastan as súas oitenta vacas; hectáreas arrasadas, inútiles para proseguir co seu soño. Miguel di que as promesas de apoio das distintas Administracións son fume de leña verde, ¿sabe do que lle falo? Terei que mirar o equivalente en inglés. ¿Sabe ademais o que contou este mozo macedao? Que o día que lle arderon as vacas non contaron nin cun só medio de extinción, agás un axente de día libre. Despois, hai que aturar ao seu portavoz que nos conte que a culpa é case dos alcaldes que non chaman para comentar a xogada ou pedir axuda. Seica é unha cuestión de aneis, de a quen se lle caen e a quen non, concretamente, ¿sabe como se lle chama a esas persoas que apostan por asentarse a producir no rural? Heroes. Son heroes aos que a realidade teimuda lle pon atrancos diarios para que desfalezan e deixen de tentar facer en Ourense algo máis ca *o hashtag* da Ourensanía. Pero non debería haber heroicidade en sacar a diante unha explotación gandeira, debería ser un traballo máis, unha opción máis nunha provincia eminentemente rural. Porén vostede segue a contarnos un novo guiión histórico-político, aínda en proceso de redacción que racha co establecido co seu antecesor, ou iso pretende, fai beneficio de inventario e establece unha nova secuencia dos acontecementos .

Chegamos ao seu terreo preferido, o das redes sociais, sobre o que tamén teorizou Bauman. O sociólogo expuña que, no contexto da identidade propia, na era da modernidade líquida, as redes sociais xogan un papel fundamental posto que che axudan a crear unha comunidade propia onde es aceptado; aínda que na realidade esta realidade virtual substitúa á real xa que nin precisas de habilidades sociais. Non existe o conflito ou controversia dun mundo no que, con nos contestar ou bloquear, telo feito. Na política da rúa, da que vostede tanto renega, cómpre dar a cara, contestar e establecer diálogos reais cos gandeiros e gandeiras, cos pensionistas, cos mozos e mozas que foxen da terra, cos desempregados (media do 2016 nesta provincia, máis de 23.000), cos autónomos e emprendedores, etc... Vostede vive instalado nesa área de confort, por seguir usando un termo *millennial*, que me entenda ben, e escoita o eco da súa propia voz, autocompracéndose mentres recibe *likes*, ou

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

me gusta, dos que vostede colocou ao seu carón. Vive instalado nunha trampa que lle durará mentres teña adeptos agradecidos á súa labor de colocación, cos súa magnanimidade á hora de repartir recursos públicos. Mentres tanto, no resto dos concellos, onde as opcións políticas son outras, terán que conformarse con ter que vir pedir esmola ao seu despacho, previo paso pola foto promocional. Ao mellor aínda non se decatou, pero preside unha institución que ten como cometido esencial asistir aos concellos e responder ás demandas reais da cidadanía que vive nos mesmos e conforman esta provincia.

O seu relato alcanzou unha estrutura, iso é certo, moi complexa que vai adaptando as técnicas de sempre aos tempos de agora; pero non engana a ninguén, salvo a vostede mesmo ou a quen se deixa enganar. Os seus grandes proxectos, nomeados de xeito estrambótico, responden ao clientelismo de sempre, á táctica do premio-castigo, á falla de planificación e obxectividade máis propias do despotismo de séculos pasados. Remato dicindo que o que necesita esta provincia é alento no futuro como auga de maio e, para iso, é imprescindible partir da realidade. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular: señor presidente, deputadas, deputados, autoridades invitadas, estimado público presente nesta sala e demais persoas que nos seguen –estou seguro que moitas– a través de internet, bo día a todos.

Serei respectuoso, unha vez máis, como é a miña costume coa orde do día do Pleno que hoxe nos trouxo aquí e, polo tanto, vanme a permitir que non entre, unha vez máis, en determinadas intervencións que se fixeron aquí oportunistas, demagóxicas e algunhas delas totalmente faltas de respecto. A iso non vou a xogar.

Como dixó o noso presidente, dámonos cita hoxe neste Salón provincial de sesións para falar por terceira vez neste mandato e polo miúdo de Ourense e da súa provincia; pero sobre todo para falar de futuro porque propoñer, como este é o caso, é formular ideas e iniciativas que procuren a mellora da calidade de vida dos ourensáns, para iso estamos.

O noso Grupo, seguindo a filosofía deste debate, vén de presentar un decálogo de propostas que trata de recoller a esencia da nosa acción política, como grupo de goberno, incidindo en aspectos que consideramos de especial relevancia para a nosa provincia. Nuns casos para *profundizar* no eido social, noutros para manter viva a nosa identidade, defender

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

a nosa cultura ou o noso legado patrimonial e tamén, como non, para seguir a traballar no desenvolvemento económico, dar máis valor aos nosos recursos singulares e ademais atender a novas necesidades.

Desgraciadamente, entre as respostas ás novas necesidades, atopámonos coa traxedia vivida a mediados do mes de outubro coa vaga de lumes; un drama intencionado, dígase o que se diga -e subliño o de intencionado- que require a implicación de toda a sociedade para que non se volva a repetir. Se a coordinación e a colaboración de todas as Administracións públicas, como así demostrou dende o primeiro momento esta Deputación, é prioritaria para poñer fin a esta lacra medioambiental, os gobernantes teñen, temos, cada un na nosa responsabilidade a obriga de crear unha conciencia social contra o lume que, para nós, debe ter como destinatarios dous importantes sectores da nosa poboación: os escolares, como futuras xeracións, poden ser, deben ser quen de defender o noso medio e os maiores inculcando, neste caso, unha mensaxe de prevención. Este é o eixo da Semana Provincial de Prevención de Incendios que propoñemos neste Pleno e que contaría coa implicación do Consorcio provincial de incendios e salvamento, os grupos de bombeiros supramunicipais, os grupos de emerxencias supramunicipais –os coñecidos como GES- e Protección Civil, como non.

E aínda, falando de incendios, pero tamén de emerxencias en xeral, vimos de propoñer a creación dunha Rede de helisuperficies en terreos de titularidade provincial que faciliten a intervención de aeronaves nun territorio como o noso, cunha notable dispersión poboacional e grandes masas forestais. Unha rede que mesmo permitiría contar con puntos nos que centralizar, cando así fose necesario, a actuación de aeronaves non tripuladas: os drons, cuxa efectividade é a nosa aposta polo uso desta nova tecnoloxía que tan bos resultados está a dar, mesmo acaparando a atención dos especialistas en emerxencias e medios de comunicacións nacionais.

O decálogo de propostas que vén de presentar o noso Grupo, como dixeran, tamén afonda noutras áreas de actuación que xa están en marcha, desenvolvendo así compromisos fixados no Plan Ourense 15-19 que, como ben saben, é o noso Plan estratéxico de xestión operativa e que da continuidade ao anterior Plan Ourense 92. Un plan no que figuraba a creación do Consello Social Provincial constituído o 23 de xaneiro deste ano coa participación de 24 entidades sociais da provincia e que experimentou un importante pulo

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

coa celebración en marzo do I Foro Social Provincial e, en xuño, cun encontro de política social de ámbito estatal. Agora, o Grupo Popular, quere seguir a fondar na actividade do Consello Social propoñendo para elo a elaboración dun mapa de diagnose da provincia e dun plan de esforzo de accións que levan a cabo as asociacións e entidades, sempre baixo a máxima da participación e da transparencia. Un consello, por certo, cuxas achegas permitiron adoptar unha iniciativa de importancia como é o adiamento para o próximo mes de decembro da publicación da convocatoria de subvencións a entidades sociais para o ano 18 dotada con 300.000€; de tal xeito que as Asociacións e as Entidades poidan planificar con tempo as súas actividades. Así seguiremos, pois, a traballar nun ámbito fundamental como son os servizos sociais aos que esta Deputación dedica máis de dous millóns de euros ao ano e así será no orzamento do ano próximo para desenvolver programas como BenOurense, BenOurense Infancia, a teleasistencia domiciliaria, o programa de axuda á natalidade ChegOu –por certo, única Deputación galega que o ten- e as citadas achegas a entidades sociais.

A dinamización económica é, por outra banda, un obxectivo irrenunciado para este goberno empeñado en procurar a xeración de riqueza e facilitar a creación de emprego; axudando a consolidar ese escenario de recuperación que na súa intervención nos debuxou con datos claros e concretos o noso presidente provincial. Nesta liña de traballo, o Grupo Popular formula dúas propostas referida unha delas á marca Ourense e outra ao programa ExportOu. Todos somos perfectamente conscientes do peso que ten o rural na provincia e das oportunidades que ofrece o noso potencial agroalimentario, pero cómpre facelo máis visible e engadir-lles máis valor cun selo, coa marca Ourense pola que tanto aposta, neste e máis eidos, este goberno provincial como ben é sabido por todos vostedes. Agora queremos levar esa marca Ourense á nosa produción agroalimentaria, con especial atención ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas do noso territorio o que, sen dúbida, tamén facilitará o coñecemento e a promoción doutros produtos de grande calidade que nos situarán nos principais mercados e axudarán a lanzar a nosa gastronomía ao máis alto nivel. Unha marca Ourense que tamén nos axudará a levar o nome da provincia polos distintos países do noso entorno.

A longa crise que vivimos deixounos no ámbito económico e empresarial unha importante lección: o mercado exterior non é imposible, temos produtos de calidade en

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

moitos sectores para competir fóra das nosas fronteiras e a exportación é unha posibilidade de crecemento e consolidación para as nosas empresas. Con estas premisas, o goberno provincial, puxo neste mandato unha atención prioritaria na internalización e así naceu o programa ExportOu en colaboración, como non podería ser doutro xeito, coa Confederación de Empresarios de Ourense; alianza como proposta para o ano 18 queremos renovar para que as nosas empresas aprendan a exportar máis e mellor e consoliden a súa posición nos mercados exteriores. O programa ExportOu súmase aos esforzos desta Deputación por axudar a colocar os nosos produtos noutros países, como así nos comprometemos coa segunda misión comercial oficial entre Estados Unidos e Ourense coa participación de máis dun cento de empresas e 200 encontros cun mercado carácter mediambiental, agroalimentario, turístico ou tecnolóxico. Sei da inquietude, e díxose aquí con máis ou menos sorna, dalgúns deputados por coñecer axiña resultados; pero miren vostedes, a internalización -ou se o prefiren a exportación- é un proceso a longo prazo no mundo global de hoxe, cunha fortísima carga competitiva e onde o segredo empresarial é básico e fundamental. Por iso, e ademais dos resultados para as empresas participantes, unha das bases destas iniciativas radica en facer ver aos nosos empresarios, e mesmo emprendedores, que hai lugar no mercado exterior para os seus produtos e que estaremos a promocionar a nosa provincia se o facemos baixo o paraugas da marca Ourense.

De todos é sabido que unhas das máis grandes oportunidades para o desenvolvemento económico e social da provincia é o turismo. Ámbito dende o que tamén seguiremos a traballar desde a planificación, a cooperación e a anticipación, tendo en conta ademais as vantaxes que implicará -como dicía o noso presidente- a chegada do AVE a partir do ano 19. Por iso, como outra das nosas propostas, pretendemos asentar as bases para o mellor aproveitamento turístico do ano Xacobeo 2021. A provincia de Ourense non pode quedar ao marxe dun acontecemento destas características que, de novo, atraerá a Galicia a milleiros de persoas. Debemos de ser quen e ofrecer alternativas aos camiños máis transitados, polo que é intención deste goberno provincial elaborar unha estratexia turística baseada na promoción dos camiños que discorren polo noso territorio como a Vía da Prata. Pero tamén queremos aproveitar o tirón do ano xacobeo para proporcionar outras rutas de grande valor histórico como é a Vía Nova cuxo trazado, atravesando en diagonal a provincia de Ourense dende a fronteira de Portela do Home en Lobios ata a Serra da Enciña

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

de Lastra en Rubiá, camiño que ofrece a posibilidade de coñecer o inmenso patrimonio ourensán en todas as súas vertentes. Unha delas a destacar: o termalismo, pois precisamente a Vía Nova comeza o seu trazado ourensán por terras termais como todos saben.

Non son poucos os pasos dados por este goberno para explotar un dos nosos recursos máis prezados a través do Plan Ourense Termal dotado con medio millón de euros nos orzamentos do ano 18 e que no seu programa de termalismo social espera superar o próximo ano os 3.000 participantes. Sen esquecer novas iniciativas, como o Pacto Termal Nacional presentado polo presidente desta Deputación no encontro de vilas termais para promover o valor económico, cultural e de saúde do termalismo. Un proxecto transfronteirizo, que teño que citar, o Raia Termal xestionado conxuntamente polos Concellos de Bande, Cortegada, Lobios, Muíños, as Cámaras portuguesas de Melgaço e Terras do Bouro e, como non, a necesaria colaboración da Conferencia Hidrográfica do Miño-Sil e desta Deputación. Este Grupo convida, e faino sinceramente, hoxe aos partidos que conforman a Corporación provincial a dar un novo paso apoiando a creación dunha mesa técnica termal que dende a coordinación dende as distintas Administracións facilite o desenvolvemento dos proxectos vinculados a este sector. Unha colaboración entre Administracións que queremos levar a outras instancias desta volta e en cooperación coa Xunta de Galicia para recuperar os antigos centros comarcais. Este Grupo provincial ao que represento ten por obxecto valorar as posibilidades de recuperación, xestión e novos usos dos antigos centros comarcais construídos no seu día na provincia e situados en Vilanova dos Infantes, Carballiño, O Ribeiro, Trives, Valdeorras e Castro Caldelas. Este último é o exemplo máis claro desta proposta pois este centro volverá á actividade transformado no Museo Antropolóxico da Ribeira Sacra.

E non por último, menos importante, este decálogo que estamos a presentar hoxe tamén recolle o compromiso imprescindible deste grupo de goberno coa nosa identidade, cultura e patrimonio. Ese sentimento de Ourenanía do que falou o presidente na súa intervención identifícanos cun territorio, cunhas xentes, cun pasado pero mirando sempre cara ao futuro e tendo presente, iso si, o legado daqueles que fixeron provincia dentro e tamén fóra de Ourense. Unha provincia, un país ou unha nación sen pasado carece de identidade e a Deputación, loitando a diario por manter a salvo toda esta pegada material e inmaterial que fai de Ourense todo un referente na historia social, cultural e política de

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

Galicia. Neste contexto enmárcanse as nosas dúas últimas propostas que demos a coñecer, como son a participación activa da Institución provincial nos actos que se programen en 2020 con motivo do 200 aniversario da revista *Nós* e a aposta por recuperar, conservar e difundir a memoria oral dos nosos maiores evitando que se perda co paso do tempo e tomando como referencia o labor que realiza o Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo desta Deputación.

Señoras deputadas, señores deputados, este decálogo de propostas responde a unha liña de traballo marcada por este goberno provincial e como complemento ao Plan de mandato, que xa citei, Ourense 15-19 e que é o noso guión de actuación durante este mandato. Por certo, teño que recordalo unha vez máis, o único programa claro e definido de actuación presentado polas formacións políticas que concorreron ás eleccións locais de 2015 e que presentaba un candidato á presidencia dunha Institución provincial; repito, recordo unha vez máis. Un programa de goberno baseado na planificación, na cooperación e maila na anticipación; as mesmas directrices que permitiron, un ano máis, presentar e aprobar no mes de setembro –como xa recordou o noso presidente– os orzamentos desta Deputación para o ano 2018: 80,7 millóns de euros, a cifra máis alta destes últimos dez anos que se incrementará, previsiblemente, cun importante remanente de tesouraría que esperamos ter unha vez liquidado o orzamento do ano 17. Cun endebedamento que rolda o 15%, máis de 100 puntos menos, repito, máis de 100 puntos menos que en febreiro do ano 12 e camiñando, como así nos comprometemos, a que a débeda esta casa sexa cero en maio de 2019. Débeda cero, dígase o que se diga, que nos permitirá afrontar novos e máis investimentos para a mellora da calidade de vida dos nosos veciños. Uns orzamentos xa aprobados que permitirán aos 92 concellos da provincia, e tamén á entidade local menor de Berán, planificar con antelación suficiente os seus proxectos e investimentos pois son coñecedores (remato xa, señor presidente) das diferentes partidas destinadas á cooperación e aínda mellor poderán iniciar a tramitación das achegas dende principios de ano.

Unha planificación e previsión que fai que este ano centremos os nosos esforzos no apoio ao emprego. Unha planificación e previsión que non só se reflicte nun plan de mandato, senón tamén no compromiso cos cidadáns á hora de ofrecer máis e mellor información institucional. Unha máxima que temos e da que aquí se falou, a transparencia, unha obriga máis que unha actitude, na que non ten cabida o inconformismo porque

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

seguiremos a dar pasos como a implantación do sistema da auditoría social de transparencia. Sei de sobra que o tema da transparencia é incómodo para os representantes dos Grupos políticos da oposición, perdidos as máis das veces na procura dun dato agochado ou pretendido escurantismo, ou máis ben, esforzándose en dar espectáculo ou barullos mediáticos como acostumo a dicir.

Con todo, desexo agradecer en nome do PP e deste goberno provincial as achegas de todos os grupos, *bueno* perdón, as de case todos; propostas das que falaremos no receso desta sesión e sobre todo ás que estou seguro chegaremos a algún punto de acordo. Remato facendo miñas e do meu Grupo as palabras do noso presidente, días pasados, no Parlamento de Galicia presentando os orzamentos desta Deputación para o ano 18: *nós seguimos traballando, escoitando e xestionando, facendo Ourense, invitando a quen queira sumarse a este xeito de traballar en positivo, afastado de fatalismos y de complexos de inferioridade que levan a ningures. Os resultados están á vista. Queremos seguir liderando as Deputacións de Galicia en compromiso coa terra, en transparencia e en goberno aberto (non só as de Galicia, tamén as de España), en programas innovadores, en foros nacionais e internacionais onde somos chamados para falar de planificación, de xestión de visión e de gobernanza. O noso Plan é Ourense. Moitas grazas*

Unha vez rematadas as intervencións dos grupos, e sendo as 11:40 horas, o Sr. presidente suspende o Pleno por un prazo de trinta minutos.

Ás 12:20 horas reiníciase o Pleno cunha quenda de dúplica do Sr. presidente por un tempo máximo de 10 minutos, á que seguirá unha quenda de redúplica dos grupos políticos por un tempo máximo de 5 minutos cada un, coa mesma orde de intervención que a anterior.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

O Sr. presidente: bo día de novo. Grazas a todos os que están a ver este debate político que, evidentemente, é unha innovación a nivel de Galicia, que formulamos dende aquí nun primeiro momento que noutras provincias; pero que é unha cuestión que xa aparecía contemplada no Código de Bo Goberno Local aprobado pola Federación Española

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

de Municipios e Provincias no ano 2009 -que foi despois modificado no ano 2015-, pero entre as medidas para mellorar a xestión e a calidade da democracia local falaba expresamente de favorecer a celebración anual dun debate sobre o estado do municipio ou do concello. Hai outras provincias en España que tamén fan este debate anual –somos seis creo- e hai varios Concellos que tamén dedican un día do seu funcionamento a falar en clave de provincia. Falamos en clave de provincia a verdade que en todos os Plenos, pero neste ten un protagonismo especial en canto que é moito maior a capacidade de propostas que temos os Grupos para achegar e enriquecer o funcionamento desta Institución.

Quero agradecer ao BNG as propostas que presentou, a capacidade de formular esas dez propostas e tamén o ton construtivo do seu discurso, que o tivo; tamén que tivera o seu voceiro a oportunidade de dicir expresamente que a redución da débeda que se fixo nesta Institución era un tema incuestionable e que, cando fala de transparencia, non lle deben caer moi ben o datos que nos colocan como líderes a nivel nacional; sen embargo cando esta Deputación era trinta e sete no *ranking* de transparencia si lles preocupaba esta circunstancia, entón creo que a coherencia mídese en ambos os dous escenarios: cando eramos tan malos, a o mellor non eramos tan malos e, a gora, cando estamos liderando pois, evidentemente, é unha cuestión que, como se ten dito tamén neste Pleno, non é medible. Ou se lidera ou non se lidera.

En absoluto, señores do BNG, hai improvisación permanente ou goberno a golpe de ocorrencias; hai un Plan de mandato, non existe noutros lugares, aquí si e, ademais, hai unha cantidade de medidas e esa capacidade propositiva está sobre a mesa e dediqueime parte da miña intervención anterior en explicitar máis de 120 medidas que, non incluídas no Plan de mandato, foron realidade durante os doce meses que transcorreron dende a celebración doo anterior Debate do Estado da provincia e este mesmo.

Con respecto ao Grupo Socialista tamén agradecer o seu ton construtivo, a súa vocación positiva de achegar neste Pleno. Un discurso traballado, teño que felicitar ao seu voceiro cunhas apelacións que evidentemente falan ben desa intervención como citar a Bauman que ten un libro que é *La posmodernidad y sus descontentos* que é unha ocasión propicia, esta tamén, para recomendalo. Dicirlle que o futuro, á vista dos resultados (eu falei de proxección no ano 2020) pois creo que estamos todos chamados a ter ese protagonismo por parte do Grupo de Goberno e por parte desta Deputación saben que a

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

man está sempre aberta para apertala e para xunguila en todo o que sexa de beneficio para a provincia de Ourense. A evolución dos pobos mídese historicamente pola incidencia que os gobernos, as distintas Administracións territoriais, aplican sobre un territorio. Aquí houbo un momento en Galicia, e non Fai moito tempo, no que houbo un goberno socialista-nacionalista posiblemente haxa cifras tamén da súa incidencia; posiblemente non compartamos algunhas políticas, pero evidentemente tampouco podemos dicir que nese momento a situación fora radicalmente oposta á actual e que viviramos nun país de Jauja.

É difícil a política, é difícil transformar en realidade as ideas e os proxectos e para iso celebramos actos coma este. O debate do estado da provincia é diario, estamos dispostos a calquera achega que veña en clave construtiva e positiva. Xa dixemos cando se sería a data na que aprobaríamos os orzamentos do 19, eu creo que están xa abertos todos os prazos para que se fagan achegas.

Por suposto, agradecer ao Grupo Popular a súa implicación e a identificación que teñen cos intereses xerais da provincia que, evidentemente, contribúen a fixar eses retos que vamos conseguindo mes tras mes e ano tras ano; con especial énfase a defensa que se fixo da internalización e do apoio a internalización das empresas da provincia de Ourense que son reivindicacións e formulacións do propio empresariado de Ourense que esta Deputación atende, que pon en marcha e que evidentemente xa xeraron moitísimo máis retorno do investimento que se ten realizado en actuacións como esas.

Eu quero volver a reivindicar o respecto persoal e institucional que é a base da nosa convivencia democrática. Ademais quero facelo nun Goberno cooperador por definición como este e nun mes onde tamén tiven a ocasión de comparecer no Parlamento de Galicia, na Comisión de Economía –a Terceira-, e que o fixen dentro desa dinámica de cooperación que esta Cámara de representación política debe amosar con outras Cámaras de representación política. Eu sei, sabemos todos, que houbo dous gobernos provinciais que non compareceron; non sei que lles parecerá aos representantes nesta Corporación desas formacións políticas que conforman ambos gobernos: socialistas e nacionalistas. Tamén o outro representante socialista que compareceu xustificou a súa asistencia dicindo que era para colaborar e coordinarse coa Xunta de Galicia e volvo a dicir o que dixen en Sede parlamentaria, na Comisión Terceira, hai unha cuestión clave que hai antes de pronunciarse publicamente que é a información e se non temos información e sendo representantes

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

públicos non apostamos por contar coa maior información posible, información e formación, é lóxico que despois se cometan erros. Non se pode falar, por exemplo, de deputados da Xunta, hai un poder executivo que é a Xunta de Galicia e un poder legislativo que é a Cámara autonómica, o Parlamento, que foi quen nos invita, aos presidentes dos Gobernos provinciais, a falar diante dos Grupos, da pluralidade, do pluralismo político que consagra a nosa Constitución e que todos, evidentemente, defendemos todos os días. Imaxino que non se pode presumir de non asistir, de non comparecer na Cámara para escoitar as achegas que puideran ter realizadas os outros Grupos políticos; pero quero, con isto, volver a poñer de relevo o respecto. O Parlamento é unha Cámara legislativa onde está representada a pluralidade da nosa sociedade e, nesa comparecencia, o intercambio de opinión sempre é positivo.

Eu sempre aproveito nos debates que temos realizado, tanto no ano catorce como no ano dezaseis, ademais das propostas que tivo a ben presentar o meu Grupo, o Grupo de Goberno, para facer unha serie de anuncios ou de propostas neste Debate sobre o estado da provincia; cuestións que fago a título persoal, a título de presidente e, pero por suposto, co respaldo absoluto do meu goberno. Quería anunciar cuestións que se van a poñer en marcha nos próximos tempos. A primeira delas en materia de persoal da Institución que é que a Deputación, en aras de mellorar e conseguir a estabilidade do emprego público, propondrá unha oferta pública de emprego en 2017 de 40 prazas.

Tamén en materia de ensino e innovación quero formular e anunciar a creación, nos próximos meses (e todo isto serán realidades antes de celebrar o próximo debate sobre o estado da provincia en novembro de 2018), a creación dun espazo provincial *testlab*, é dicir, robótica, impresoras 3D, gafas 3D, un espazo en La Molinera, en colaboración co Concello de Ourense, para que os nenos da provincia poidan visitar e coñecer as novas tecnoloxías que, como dixen antes, son claves para o emprego do futuro, os empregos tecnolóxicos.

Terceiro anuncio, no ámbito da seguridade e das emerxencias (sobre todo tendo en conta a experiencia que pasamos hai semanas) traballar cooperando coa Xunta na comarcalización das emerxencias e, dentro da Relación de Postos de Traballo desta Institución, crear unha sección específica de emerxencias provinciais que teña en conta cuestións como son as estradas, a vialidade invernal, os incendios. Evidentemente con facultades de coordinación; ter un referente.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

En materia de turismo cultural, e dentro da aposta iniciada pola Deputación para que a UNESCO distinga á Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial, dicir que dentro da ICC Week que celebramos durante os últimos anos e que no 18 terá lugar en maio, o mes das nosas Letras, da nosa lingua, o maior tesouro de Galicia, celebrar un seminario en San Pedro de Rocas sobre o fenómeno rupestre en Europa, xestión, difusión e posta en valor dun patrimonio singular.

En materia de termalismo, sería o anuncio ou a proposta número cinco, e fágoo na miña condición recente de vicepresidente da Asociación de Cidades Históricas Termais de Europa, anuncio que Ourense en 2018 será sede da Asemblea desta Rede que agrupa a cincuenta emprazamentos termais de Europa correspondentes a trece nacións. Será unha oportunidade, tamén, para o posicionamento de Ourense, un posicionamento con liderado, con moito que dicir, con moito que facer e cun Plan termal provincial que está neste intre executado ao 60%.

A palabra deporte constitúe unha verba fundamental no Plan Ourense 15-19. A provincia é un escenario perfecto para a competición deportiva de alto nivel. Podo anunciar, hoxe, que unhas das tres probas por etapas máis importantes do mundo do ciclismo, *La Vuelta a España*, coñecida xa deste territorio e tamén da Deputación, estará de novo en 2018 na provincia de Ourense.

Tamén anuncio que seguiremos innovando coa realidade aumentada dun dos sectores produtivos máis importantes da provincia: o vitivinícola; aunando pasado e presente, patrimonio e sector vitivinícola de xeito pioneiro no concello de máis adegas da denominación de orixe máis nova da provincia que obxectivamente xa todos coñecen cal é.

Seguiremos apostando, e sería a proposta número oito, e será unha realidade nos próximos meses, polas xornadas das Deputacións do futuro que nos erixen nun goberno provincial que tamén lidera as conversas e os debates sobre o posicionamento e as funcións das Deputacións. Unha temática como é a da comunicación política, clave nun goberno aberto caracterizado, como este, pola rendición de contas e a participación.

Fornecermos o Observatorio económico Ourensán da man, neste caso, da Asociación Provincial de Construtores de Ourense para contar cunha ferramenta de xestión que permita un estudo actualizado poboacional e urbanístico, tanto a nivel de provincia como de concellos individualmente considerados. Un estudo que permitirá obter un

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

achegamento ao parque de vivendas da provincia para, entre outras cuestións, facer unha análise pormenorizada do custo estimado por vivenda na implementación de medidas de aforro enerxético.

Finalmente, no ámbito da transparencia onde somos o goberno provincial líder en España seguiremos dando un novo pulo cando nos próximos días asine o nomeamento do director da Área de Transparencia e Goberno Aberto e, tamén, cando presentemos o novo portal de transparencia que tamén será pioneiro a nivel de goberno provincial en España.

Estas son as propostas, agardo a intervención dos Grupos nesta segunda quenda para enriquecer este debate e finalizo parafraseando a Florentino López Cuevillas cando dicía que *calquera traballo, grande ou pequeno, duro ou livián, emprendades en nome de Galicia* –digo emprendemos en nome de Ourense- *é sempre sementeira*. Moitísimas grazas polas achegas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Bo día de novo a todas e todos. Eu vou a intentar cinguirme ao tempo dos cinco minutos previstos; en todo caso agardaría un pouco de xenerosidade porque quero aproveitar esta segunda quenda para presentar e explicar un pouco cales son as nosas propostas de resolución, que son consecuencia basicamente do que xa formulamos no discurso inicial e tamén explicar, un pouco por arriba, a xustificación do noso voto ao resto de propostas presentadas.

En primeiro lugar, gustaríanos, o primeiro que habería que facer é unha avaliación das propostas do ano pasado, cantas realmente se puxeron en marcha. Agora acabamos de asistir, na segunda quenda de intervención do señor presidente, a unha, ¿como chamarlle? a unha carta aos *Reyes Magos* ou ao Apalpador; a unha serie de propostas que ao mellor o que deberían é estar inseridas, preferiblemente ou a poder ser, nas propostas de resolución que nos presentaron agora e non presentalas fóra desas.

En todo caso, nós froito da análise que facemos de toda a provincia e, tamén, consecuencia directa da nosa avaliación e do noso discurso o que formulamos nas nosas propostas de resolución eran dez cousas con concesión que entendemos se poderían executar na práctica. A primeira delas era a creación –e insistimos no tema- dunha mesa de diálogo para estudar un novo modelo de cooperación cos concellos. Fai un par de meses

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

tivemos un debate onde nós propoñiamos un Plan Único de Cooperación e reiteramos aquí hoxe esta proposta; reiterámoslle o pedimento de que se reúna cos representantes dos concellos para abrir un debate e abordar esta cuestión que nós entendemos que é fundamental de cara ao futuro.

Despois, unha proposta era tamén de cara á participación e transparencia. Pensamos que se debe reabrir o debate do actual Regulamento e débese modificar no sentido de que as propostas que se traen aquí todos os meses por parte dos Grupos da oposición non poidan ser deturpadas pola maioría que vostedes ostentan. Tamén deberíanse buscar mecanismos de participación dos veciños e veciñas de Ourense máis alá da retórica das preguntas que agora xa existen. Nós pensamos que se debería abrir a participación de todos os veciños nos Plenos. Agora mesmo estamos utilizando un mecanismo que non está regulado e pensamos que esa cuestión se debería abordar.

O Plan da rede viaria. Tamén pensamos que se debe facer un Plan incardinando as redes coa estatal e a fronteira portuguesa e dotalo de maior orzamento e, sobre todo, que os recursos se dediquen á rede viaria con criterios exclusivamente técnicos.

Propoñemos novamente, reiteradamente, a supresión do INORDE. Non teño máis que explicar. A posta en aluguer dos predios que esta Deputación posúe na Limia, xa foi unha proposición que levamos a un Pleno ordinario nunha moción. Daquela díxosenos que se ía a estudar ou que estaba naquel Plan famoso 15-19 facer un polígono agroalimentario. Ao mellor pódenos dicir si avanzaron algo nese sentido; en todo caso, nós reiteramos a nosa proposta.

A eliminación da porcentaxe o 5% que actualmente se está a cobrar aos Concellos pola xestión dos cobros e dos distintos tributos municipais. Elaboración dun Plan de infraestruturas actividades culturais e deportivas para que esta área importante poida estar coordinada a nivel provincial entre todos os Concellos e a propia Deputación. A recuperación da xestión pública e a paralización dos procesos de privatización, é algo no que tamén insistimos habitualmente que se recupere para a xestión pública directa, por exemplo, o Consorcio Provincial. Que, dende logo, non se privaticen servizos como o da recollida do lixo. En definitiva, que se blinden os servizos públicos de xestión pública.

Tamén propoñemos, como fixemos o ano pasado, a creación dunha área integral de cooperación municipal dentro desta Casa para que os alcaldes cando veñen facer algún tipo

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

de xestión teñan un sitio onde se poidan dirixir que lle resolva todos os problema sen ter que andar peregrinando de departamento en departamento.

Finalmente, propoñemos axudas para paliar os efectos da seca na provincia de Ourense. Un tema que tamén os compañeiros do Partido Socialista propuxeron aínda non hai moito e que volvemos a insistir, porque dende aquela a situación non fixo máis que agravarse e nós propoñemos medidas directas e indirectas. Estas eran as nosas propostas de resolución.

Ao respecto do resto dos Grupos, anunciar que as presentadas polo Grupo Popular vamos a absternos en todas porque é complicado dicirlle que non, pero tamén é complicado dicirlle que si pola súa inconcreción. Vou a intentar, moi rapidamente, xustificar un pouco cada unha delas. Na do reforzamento do Consello social provincial. Plan de diagnose, Plan de reforzo ¿con que obxectivos? Na formación en prevención de incendios, se de verdade queren axudar algo neste tema deixen de marearnos con medidas como esta. Se de verdade cree que alguén pode facer cunha semana de actividades os bombeiros urbanos ¿vai a haber máis prevención? Se de verdade quixeran concienciar terían que levar a cabo mediadas sobre o territorio, con persoas expertas en incendios forestais e en silvicultura e prevención. Tendo en contas as competencias da Administración local neste asunto, se de verdade quixeran facer algo, xa tiñan que se estar poñendo a disposición dos Concellos e esixindo que fixese a Xunta tamén un plan para a contratación de persoal administrativo para tramitar os incumprimentos legais en materia de prevención e limpeza; e acto seguido, dotalo de fondos para que os Concellos podan executar os *desbroces* que nas faixas de protección non fagan os particulares. ¿Está disposto a meter, por exemplo, cinco millóns nos orzamentos para iso e quitalos dos que dispón de forma discrecional? Apoiar aos gandeiros, en extensivo das zonas de montaña, e poñendo á súa disposición á maquinaria para prepara o monte de cara a conseguir a rexeneración dos montes. E así poderíamos seguir con medidas que de verdade teñan unha utilidade e non só medidas cosméticas de *twitter*.

Na Rede de helisuperficies o problema dos medios aéreos non é de superficies para tomar terra; de feito durante os últimos anos bases aéreas que xa hai na provincia de Ourense para este fin estiveron pechadas porque a Xunta pasou de poñer aí helicóptero. Por

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

exemplo, base de Vilanova no Barco de Valdeorras, operativa dende o ano 92 e da que xa falamos tamén nalgún Pleno.

No cuarto, aproveitamento do pulo do Xacobeo. ¿Outro plan estratéxico? Xa imos polo enésimo. No cinco, cen anos da revista *Nós*, formulando en termos de participación ¿que ocorrería se non se organiza ningunha actividade? Debería incluír o compromiso de tomar parte na organización impulsando a instancia a outras Administracións - Concellos e Xunta- para que se celebren actos en torno a esa celebración; senón ¿como vai participar vostede activamente?

No punto seis, aposta por recuperar e conservar e difundir a memoria oral da provincia. Respecto ao patrimonio cultural e á oralidade recoñecemos a labor da Fundación Xaquín Lorenzo, mais hai un traballo extenso e inxente de cando a presentación da candidatura a Patrimonio da Humanidade - *Ponte nas Ondas*- no que traballaron persoas sobranceiras do mundo da Universidade de aquí de Ourense. Póñano tamén en valor.

Marca Ourense, estudo de implantación dunha marca Ourense. ¿Que marca Ourense queremos exportar: Ourense cacique, Ourense enchufes? ¿Parécelle un bo slogan para promocionar os nosos produtos? ¿parécelle unha boa marca para vendernos? Xa hai indicación e denominacións suficientes que, grazas ao esforzo, están moi ben posicionadas como referentes de calidade. Crearía confusión engadir unha nova denominación, ademais de ser algo totalmente localista. Menos marca Ourense é máis apoio aos Consellos Reguladores, Cooperativas, Asociacións de produtores, etc... En todo caso, se falta algún indicativo de calidade pode ser ao mellor nos produtos da horta. Igual non estaba de máis que lle dixera ao seu xefe que os recuperaran porque xa no bipartito avanzouse algo no tema e nunca máis se soubo.

Plan ExportOu. Fáltalle engadir: exportou ourensáns. O Plan ExportOu ourensáns. O primeiro que ten que facer é asentar as bases para que haxa tecido empresarial en Ourense e que os nosos mozos, xa se dixo aquí tamén, non teñan que irse para buscarse un futuro.

Mesa técnica termal. Vostede dixo literalmente: *vostedes veñen cunha proposta tarde, mal e nunca, son palabras, non aportan ningún tipo de compromiso do Goberno Galego, son máis propaganda e publicidade*. ¿Lembrase destas palabras? Son súas. Iso dixo en Sede parlamentaria cando o bipartito aprobou a declaración de Ourense Capital

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

Termal. ¿Pode dicirnos en que mellorou a situación respecto da cuestión? A súa aposta polo termalismo redúcese a mellorar a conta de resultados dunha determinada empresa e o seu Plan estrela que era a construción da famosa piscina termal de Laias, que todo o mundo vía como inviable excepto vostede, agora mesmo está no dique seco, valla a redundancia.

Centros comarcais, Museo Arqueolóxico da Ribeira Sacra, Castelo de Castro Caldelas feito un desastre. Unha musealización, por chamarlle de algo, de pena e patética. Mal estado das instalacións e chegando á tolemia do *sintasol* no chan; que por certo, está xusto ao lado do Centro Comarcal ¿que pretenden facer dous museos precarios e tristes que non aportan nada, un ao lado do outro? Ou ¿é por poder contratar máis porteiros? Por certo, para musealizar e poñer en valor sedimentos etnográficos e arqueolóxicos da Ribeira Sacra hai patrimonio de sobra que, de paso, se podería poñer en valor e conservar e pensar en usar o Centro Comarcal en actividades vinculadas co desenvolvemento local -coas iniciativas económicas- poderían ser sede, por exemplo, dos GDR ou aproveitar as sinerxías para dinamizar e economía e buscar incentivar actividades do rural.

Remato, señor presidente. Ao respecto das propostas do Partido Socialista anunciar que estamos a favor de todas, excepto da número tres que fala de igualdade porque pensamos que esta é unha competencia galega –xa existe a Lei 11/2007 do 27 de xullo, para prevención e tratamento integral da violencia de xénero- e o que hai é que pedirlle á Xunta que a dote orzamentariamente. Despois tamén vamos a abstermos na proposta número sete porque, aínda estando de acordo, non debería ser, entendemos, tan concreta ao respecto de triplicar os fondos que ao mellor hai que os triplicar ou quintuplicar e pensamos que debería estar, en todo caso, máis aberto ao que nos dixeran os técnicos. O resto, como digo, a favor.

Xa remato, en relación coa proposta de Democracia Orensana estamos absolutamente de acordo coa parte expositiva, subscribimos palabra por palabra; pero ímonos abster porque non estamos de acordo co feito de prescindir de espazos de debate e confrontación de ideas e propostas. A nós, máis aló de que consideremos, e xa dixen, son inútiles e inservibles as Institucións provinciais, de xeito indirecto os cidadáns da provincia puxéronos aquí para que, ademais de fiscalizar á acción do goberno, fagamos propostas que permiten, que permitan mellorar as súas condicións de vida e non podemos, nin queremos, nin vamos a renunciar a iso. Moitas grazas. Nada máis.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana: saludo a todos outra vez. Normalmente hablo en un micro, deformación profesional por el tema de las orquestas y todo ese *rollo*. Supongo que tengo más de cinco minutos porque el compañero ha hablado más de cinco minutos; pero es igual, puede cortarme cuando quiera.

Primero decir que es curioso, hay una escena de una película *Los niños cantores* e no sé qué, o algo así, en la que se ve una persona de estas que es un cura *leñero* y, en un arrebato de rabia, acaba pegándole una paliza a un niño, lo pisa y lo acaba matando al niño. Al acabar de matarlo, el tío ya recupera la calma -el cura- saca un pañuelo se seca así un poquito y dobla el pañuelo y lo vuelve a meter porque, ante todo, hay que mantener la compostura. Bueno, pues de todo el *speech*, toda la protesta, todo lo que lo dejé en evidencia con los datos aquí al presidente de la Diputación anteriormente, lo único que reprocha de nosotros –sin nombrarlo porque nos ningunea y ni nos nombró- nos reprocha que hemos confundido, que no hemos utilizado la palabra correctamente entre parlamentario y diputado, que nos hemos equivocado llamándole parlamentario a quien no era y diputado y viceversa. ¡Es todo lo que dice! Igual que el cura aquel, que ante todo la compostura, él que mató al niño, tan tranquilo. Fíjense si es inútil esta persona, lo más preocupante es eso. O como cuando dicen en el Concello de Ourense, alguna gente le llama legislatura, cuando realmente es mandato en los Ayuntamientos. ¡Qué más da hombre, qué más da! ¡Por Dios! Nos ningunea como nos ningunearon en el Concello de Ourense cuando entramos con dos concejales en el 2011. Nos estuvieron ninguneando durante dos años, tanto PP, como PSOE, como Bloque; al final vieron que ya era tarde y conseguimos 8 *concelleiros*. En cualquier caso citar eso.

Nos reprochó el tema de no ir a la reunión de los 30 minutos para hablar de las 30 medidas. Pero, ¿cómo vamos a hablar en 30 minutos de 30 propuestas, cuando normalmente aquí se le dedica a una moción una hora por moción? Aquí quiere que dediquemos en 30 minutos, 30 propuestas, una por minuto. ¡Está de cachondeo! No vamos a participar en lo que es realmente una pantomima. Me hace gracia, curiosamente, como sí participa en esta escenificación el diputado que sigue ahí de Madrid, Miguel Ángel Viso, *¡co que ten que facer por Orense e leva toda mañá aquí! Mira que non ten cousas polas que luchar por Ourense para que non o discriminen e leva toda a mañá aquí aguantando este circo que monta José Manuel Baltar*, esta escenificación, por quedar bien con el partido. *¡Se loitaras por Ourense,*

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

home, para ver se deixamos de ser a última provincia de España e non te riras! Realmente que triste.

¿Qué decir? Simplemente decir que no nombró para nada, José Manuel Baltar de todas sus excelencias no nombró para nada que se excedió en la regla de gasto y lo amonestaron desde Hacienda. Des eso no dice nada. ¿Por qué no dices eso, lo de Hacienda? ¿Por qué no dices lo de la regla de gasto? ¿Por qué no hablas de eso?

Simplemente comentar, para acabar ya con lo que es esta escenificación, que nosotros venimos aquí al debate –por llamarle algo, porque realmente es casi un monólogo de esta persona- vamos a escuchar obviamente lo que va a decir el PSOE, vamos también a escuchar –ya que nos gusta que nos escuchen a nosotros- vamos a escuchar también la última intervención del presidente de la Diputación y ya en el tema de la votación, como nosotros estamos al margen de estas propuestas que consideramos es todo un circo, ahí nos vamos a ausentar con toda la discreción porque ya no *pintamos* nada realmente en este tema. Estamos en contra de votar 30 propuestas, ¡vamos! Haría falta un debate por cada propuesta. No vamos a meter 30 propuestas en las que no se pueden debatir las 30. Simplemente voy a pasar rápidamente por encima de las del PP para que vean ustedes las animaladas que dicen.

Hemos tenido una catástrofe con los incendios hace poco y *formación en prevención de incendios*. O sea, hace poco acabamos de decir que hay un problema con las motoniveladoras, resulta que Ourense no tiene, y encima presumían; son tan tontos que dicen tenemos una lista de espera de 50 concellos de la motoniveladoras. Pues, si tienes un déficit de eso ¿qué vas a hacer una formación en prevención de incendios, cuando tienes que suministrar lo básico? Esto ya me parece una tomadura de pelo. *Rede de Helisuoerficies*. Rede se heli-imbéciles, macho, aquí en este tema.

El tema aquí clarísimo de la Marca Ourense. Fíjense lo loco que está este tío. Habla de que hay que hacer lo de la marca Ourense. Vamos a ver, en su día... primero confunde lo que es una marca con eslogan. Estuvo bien en su día y fue un éxito y mira que es difícil que un burócrata tenga éxito; pero estuvo muy bien en su día lo que hicieron en la Xunta de Galicia con *Galicia Calidade*. Fue un eslogan que triunfó. Mira que no hay cantidad de iniciativas públicas en temas privados que se pegan, como se suele decir vulgarmente, *el leñazo, la hostia*; pues esa triunfó. La de *Galicia Calidade*, triunfó. Esta persona se quedó con esa paranoia y vamos a poner en valor lo de Ourense, entonces la marca Ourense para vender

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

productos. ¡No tiene ni idea! Una cosa es, a lo mejor, crear una empresa pública que a lo mejor en el futuro, teniendo en cuenta cómo va venir el futuro, teniendo en cuenta todo lo que se avecina, a lo mejor habría que pensar en lo que es el capitalismo de Estado en algunos temas y otra cosa distinta es lo de la marca Orense. Le voy a poner un ejemplo, mira, tengo un amigo, tengo un compañero que tiene de las mayores fábricas de Orense, factura en torno a los 10 millones de euros –no es que compita con Coren, pero es una empresa fuerte de Orense– está intentando vender a la marca Mercadona su producto para que se lo metan en la marca Mercadona. Entonces, en este caso Mercadona va a utilizar la marca que tiene Mercadona, supongo que será Hacendado, será una marca blanca pero a través de la marca Mercadona. Lleva unos diez años luchando con ese tema de lo tremendamente difícil que es ¿por qué? Porque obviamente Mercadona si mete a una marca, si va a contratar aquí a un proveedor, y le mete su marca, tiene que unificar los sabores. Es una complejidad lo que está haciendo una empresa que factura tres millones de euros, como Mercadona, que realmente es tremendamente difícil acabar siendo proveedor de Mercadona porque tiene que ser el producto y los sabores tienen que ser unificados. Bien, él aquí de la marca Orense y vende la marca Orense ¿qué vas a vender el vino de Orense con 300 sabores distintos? Para eso hay cantidad de bodegas cada una con su marca. ¿Cómo pretende el *tipo* este marca Orense para comercializar productos? ¡Pero está totalmente loco! O sea, habla con Coren, habla con Coren y háblale de esto ¿qué te dirán? Coren, que tiene la marca Coren, tiene su gama de productos totalmente unificada. No va a meter Coren, que va a llamar a todos los subministradores cada *un dun xeito*. ¡Hombre! Es que no sabe ni lo que dice. Simplemente porque queda bien.

Habla del tema *Plan ExportOu* que dijo ahí el chiste el del Bloque de si exportar *xente*, obviamente, que é o noso. Decir la animalada que hizo; es decir, hace el congreso este, o como *lle chame*, americano de traer aquí americanos para *facen exportacións* y Orense es la provincia que menos aumentó la exportación de las cuatro provincias gallegas en el último año. ¿De qué sirvió ese Congreso? Sirvió para que este señor se luciera, que es para lo único que vale, para lucirse y para colmar sus frustraciones. Todos los megalómanos son fruto de una frustración. Es un acomplejado, tiene unas frustraciones y entonces hace actos megalómanos.

Luego habla de la Mesa Técnica Termal. Éramos pocos y parió la abuela. O sea, el termalismo que si le quitas las subvenciones desaparece y nos habla de la mesa técnica termal.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

El termalismo si le quitas las subvenciones desaparece. Cuando en las Burgas de Orense se ponía un euro de entrada para que la gente pagara, recaudaban tres euros al día de media. Tres euros al día de media, ¡vaya industria! Una industria que si le quitas las subvenciones desaparece. Pero, ¿de qué me estás hablando hombre? ¿Y eso no es un *bluff*? Es una joya para los que vivimos en Orense; ahora, no me digas que eso es un potencial económico. De potencial económico nada, es una ruina económica.

Estas diez propuestas del Partido Popular son un decálogo realmente de bromas y de un acto más de lucimiento de esta persona y es un decálogo que nosotros tenemos que decirle *deica logo*. Nada más.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Na réplica vou a utilizar o escano, non vou acudir ao atril. Antes de entrar en cuestión ou o que é *desgranar* o que son as nosas propostas, apenas unhas breves palabras para agradecerlle a súa valoración do discurso previo noso anterior, na intervención anterior e tamén o seu talante.

Facer unha oposición responsable implica moitas veces, case sempre, poñer encima da mesa eivas, chamadas de atención; dicir probablemente os que os máis non digan, ou non se atrevan a dicir, parafraseando a parábola do emperador espido, alguén necesita dicirlle ao emperador que ás veces vai sen roupa. Partir da asunción da realidade, das moitas realidades que poidan existir, non é malo, é bo e enriquece. Por iso é ben poñer encima da mesa outras realidades e ampliar o campo de miras. Solo, para referirnos á súa segunda intervención, só unha matización, só a resposta a un enquerimento que vostede nos fixo. Preguntounos vostede, ou puxo encima da mesa, esa comparecencia no Parlamento desta Deputación e dos presidentes tamén das outras Deputacións; preguntábanos sobre a nos asistencia de dous presidentes doutras Deputacións, neste caso a de Pontevedra e Lugo. Eu creo que eles xa explicitaron, nós somos sempre partidarios de participar, sobre todo no debate político, pero eu creo que eles xa explicitaron os motivos polos que non asistían, polos que non acudían e nós dámonos por satisfeitos con esas explicacións a unhas comparecencias que, por outro lado, non son obrigatorias.

Entrando xa na análise das propostas, vou a empezar polas do meu Grupo. Teñen, como se pode ver nelas, un eixo primordial que é de considerar ou atender o fin esencial

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

desta Deputación que non é outra que a colaboración cos concellos e, por ende, a prestación de servizos e desenvolvemento desta provincia. Así vai a primeira que é convenios de cooperación cos concellos, neste caso o proxecto piloto Revivenda que a nós nos parece que, vai facer xa un ano que está en funcionamento, parécenos que se queremos asentar poboación no rural unha das cousas que debemos de facer é facilitar a posta a disposición da xente nova de vivenda e, sobre todo, vivenda rehabilitada no rural. Parécenos un valor en si. Parécenos que, despois dese ano de posta en marcha, deberíase de avaliar ese programa e, se está ben, a nós parécenos unha base importante para estendelo a outros concellos da provincia, aos que queiran.

Con respecto á segunda, falamos dunha competencia básica dos concellos que necesitan o apoio desta Deputación Provincial que é o ciclo da auga: desde os abastecementos ata a súa depuración final. Temos traído aquí, en Plenos anteriores, cal é a problemática que teñen os concellos –estámolo vendo agora coa seca- a falla de auga; pero que tamén moitas redes están obsoletas, Concellos que non teñen fondos suficientes para facerlle fronte a estes gastos. Despois tamén como os sistemas de depuración –tamén o temos posto aquí en cima da mesa- a parte de caros, non cumpren coa función, seguimos maltratando ao medio ambiente. Esa auga que debería volver á natureza nas mellores condicións despois de ser utilizada, non é así.

Promovemos un pacto provincial contra as violencias machistas. É certo que hai un pacto estatal, é certo que hai un galego; pero nós cremos que é unha problemática o suficiente complicada e que afonda as súas raíces na histórica desigualdades das mulleres que entendemos que hai que tratalo tamén desde a igualdade, desde a proximidade, desde a *cercanía*, desde a cooperación cos concellos. Esta Deputación non debe de mirar para outro lado.

Con respecto á cultura, deportes e turismo propoñemos a creación dun Atlas literario da provincia que o que faga sexa, a través dunha ferramenta tecnolóxica ou da que se estime, poñer á disposición da cidadanía, tanto da ourensán como da de fóra, o coñecemento e a *cercanía* de toda esa riqueza literaria. Creemos que tamén é necesario ampliar, reordenar, reconsiderar as condicións do Plan A Tarazona e tamén a das Escolas Deportivas. Creemos que se debe ampliar o seu financiamento e polo menos que, en cada Comarca, existise unha escola deportiva.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

A cinco fala do Programa Provincial de Cooperación cos concellos. No caso das rozadoras, nós cremos que se debería ir paulatinamente, nós propoñemos este ano dobrar a cantidade para acadar a cantidade inicial deste Programa, que era duns 12.000€, para que os concellos puidesen rozar cos tractores as vías provinciais e tamén as súas. Evitaríamos o maltrato á natureza e ás súas xentes a través do uso do glifosato. Estaríamos tamén incentivando o asentamento da poboación coa creación de emprego nese eido.

Xa o temos traído aquí en mocións, con respecto á sexta, que é a necesidade de que no rural –falabamos antes da necesidade de vivenda- é necesario tamén que haxa servizos e un dos servizos básicos, esenciais no día de hoxe –se non queremos perder o tren- é o acceso á banda larga para evitar a fenda dixital; tanto para a cidadanía como para as empresas que se queiran asentaren no rural.

Á sete xa se referiu antes o compañeiro do BNG, o deputado do BNG, con respecto ao plan de inversións para as vías provinciais. Nós dicimos o de triplicar porque sería aproximarnos ás cantidades fixadas tanto polo Banco Mundial, como pola OCDE para as cantidades que serían aconsellables para o mantemento por quilómetro de vías provinciais. Esta provincia ten unha rede ampla, temos unha poboación moi espallada e necesitamos que esas vías estean nas mellores condicións posibles.

É necesario, falabamos de asentamento no rural, falabamos de vivenda, falabamos de servizos e falamos tamén de emprego. Para o emprego é necesario apoiar a distribución e comercialización, sexa *online* tamén, dos produtos de calidade moitos dos que temos nesta provincia. Referiuse o señor presidente no seu primeiro discurso á agricultura biolóxica e ao pulo que está a ter; pois necesitamos que estes sectores teñan unhas canles de distribución e comercialización axeitadas.

Como non, unha das propostas estrela que, incluso tivemos meses pasados no verán un Pleno extraordinario, é a necesidade de un Plan Único de reparto de axudas desta Deputación para os concellos. Seguiremos teimando con elo ata acadar o que xa teñen outras Deputacións: un reparto de fondos con criterios obxectivos e non discrecionais.

Rematamos, coa última das nosas propostas, é unha necesidade que van ter os concellos que é a da protección de datos persoais. Creemos necesario que, dende esta Deputación, se arbitre ou se poña en marcha un convenio marco para que os concellos se

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

poidan adherir e cumprir así co Regulamento europeo 2016/679 que será obrigatorio o 28 de maio de 2018.

Con respecto ás propostas dos outros Grupos políticos dicir que, empezamos polas do Partido Popular, polas do Grupo maioritario, que nos pasa como ao compañeiro do BNG. Énos difícil votar que non porque é difícil dicir que non a estas propostas; pero entrando polo miúdo moitas delas non deixan de ser brinde ao sol, ou saír do percal como normalmente se pode con palabras como: reforzamento, cousas que xa se están facendo, etc.. Vamos a votar a favor, das que vamos a votar a favor non o vou a dicir para non estenderme moito; vou dicir das que imos votar que non e digo porqué. Vamos a votar en contra da Rede de helisuperficies, non porque non esteamos en contra de que se faga unha delas; senón porque hai uns meses tróuxose aquí a situación da helisuperficie de Vilanova, no Barco, e seguimos como estamos. A seis, ¿quen non aposta por recuperar, conservar e difundir a memoria da provincia? Pero é que non sabemos nada da moción que se aprobou hai pouco, hai uns meses, a cerca do *barallete* e outras xergas. Imos votar tamén que non da nove e da dez, da Mesa Técnica Termal; é dicir, a estas alturas vémosla pouco ambiciosa. Que a estas alturas nos poñamos con cuestións técnicas cando xa debería estar máis que avanzado. Nos hai un ano propuxemos unha proposta que se aprobou, a creación dunha rede termal que non volvemos saber nada dela. A dez, dos Centros Comarcais, entendemos que máis alá das boas intencións aquí quen ten algo que dicir é a Xunta de Galicia que foi a que creou –poñamos entre comiñas- este *chiringuito* e foi a que creou este problema. É dicir, uns edificios que moitos deles están baleiros de contido e que seguramente para poñelos en marcha e en funcionamento vai a ter o seu custo.

Con respecto ás do BNG, dicir que imos votar que non a unha, á número seis, eliminación da porcentaxe que actualmente están cobrando os concellos polos distintos cobros de tributos municipais, porque entendemos que sería discriminatorio co resto dos concellos que non teñen delegado este servizo na Deputación e que están asumindo ese gasto. Igual que aos concellos que están adheridos á rede de canceiras e que os concellos que están adheridos á recollida do lixo teñen que asumir parte do custo destes servizos; entendemos que os concellos que teñen delegado este servizo de recadación na Deputación tamén teñen que facer fronte a elo, senón sería inxusto con respecto aos outros concellos. (agora mesmo, fáltame a de Democracia Ourensana). Ímonos abster na segunda porque

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

gustaríanos desenvolvela un pouco máis, que é na do orzamento participativo e na participación da veciñanza.

Deixo para o último a de Democracia Ourensana. Teño que dicir que é certo que o contido podémolo compartir, na súa maior parte, pero nós estamos dispostos e cremos que somos partidarios de participar no debate político nas Institucións; porque é aquí onde nos colocou a cidadanía e debemos corresponder con esa representación. Parécenos acaído que exista un debate sobre política xeral –que é este- nesta Institución. Pero tampouco podó obviar cal é o resultado destes debates –tres levamos- en exercicios anteriores; a maior parte dos acordos adoptados están aínda sen implementar. Sirva como exemplo que o ano pasado das dúas propostas que vostedes nos rexeitaron, unha, a de duplicar o Plan de Empregabilidade paradoxicamente foi a única que puxeron en marcha; as outras seguen á espera. Por ese motivo non lle podemos votar a favor desta proposta, ímonos abster á espera de cal é o resultado para o ano que vén deste debate. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular: bo día de novo. Nesta segunda quenda para o Grupo Popular, permítanme señoras e señores deputados que comece a miña intervención dirixíndome aos representantes de Democracia Ourensana. Unha vez máis señor Pérez Jácome, e seguro que me vai escoitar, non me vou a prestar como xa lle teño dito máis veces a ser un actor secundario da súa obra de teatro para que logo me saque no seu canal de televisión unha e outra vez. Non, non vou a participar. En todo caso, grazas para deixarme máis tempo para falar das propostas dos outros Grupos porque sinceramente –e sabe que llo digo con todo o respecto, incluso con certo afecto que sabe que lle teño- sinceramente o de vostede non merece comentario algún polo trato que lle dispensa á presidencia desta Deputación e á Corporación no seu conxunto. O pasado ano nin tan sequera prepararon este Pleno, coincidindo as súas propostas coa práctica totalidade do seu programa para as eleccións galegas, excedendo as restantes, as outras, das competencias desta Deputación. No día de hoxe, xa nin sequera presentan proposta, unha e xa sabemos cal e o próximo ano probablemente xa nin veñan aquí. En todo caso, xa sei e o sigo dicindo con respecto, que para vostedes a provincia de Ourense é a cidade; pero ás veces da a impresión que nin sequera iso.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

Señor Rodríguez Suárez, en efecto, non lle vou a quitar a razón cando fala nos medios de comunicación de reiteración. Reiteración e lamentablemente falta de proxecto político e compromiso con esta provincia por parte do BNG cando, nun Pleno destas características, nos veñen a presentar un documento de propostas que repite, con apenas pequenas modificacións, ata seis das dez proposicións que trouxo ao debate celebrado o pasado ano. Recórdolle: participación cidadá e transparencia, a taxa do 5% no servizo de recadación, o plan de infraestruturas e actividades culturais e deportivas, a xestión pública de servizos, a área integral de cooperación ou a posta en aluguer dos predios da Deputación da Limia; punto este díggollo como curiosidade que nin modificaron a data de realización desta proposta que segue a marcar o primeiro mes do ano 17, cando xa estamos a punto de chegar ao primeiro mes do ano 18. Di vostede, señor Rodríguez Suárez que as propostas do seu partido están pensadas para darlle a volta á situación da provincia; aínda que máis ben parecen estar pensadas para seguir dándolle voltas ás mesmas teimas de sempre, incluído o Plan Único de Cooperación que non fai moito tivemos un Pleno monográfico sobre o asunto. Recoñecemos, iso si, o grave problema que está a xerar a seca na provincia e a necesidade de estudar accións que axuden a paliar no futuro a situación desta; para iso, esta Deputación xa participa no pacto nacional pola auga, tamén na FEGAMP –no pacto da auga a nivel galego- onde se está a procura de solucións que non só teñan en conta situacións puntuais de seca como a que estamos a sufrir, senón aspectos máis globais como a xestión dos recursos hídricos e a lexislación actual. Con todo, quixera destacar a proposta que nos presenta sobre un plan de rede viaria provincial dotado con máis recursos para atender as vías prioritaria que determinen os técnicos, e digo técnicos desta Deputación. Aí está a diferenza, ter en conta a conexión con outras redes galegas, estatais e máis a fronteira portuguesa. Este feito diferencial, técnico e de conexión coas vías doutras Administracións é a que nos leva a súa proposición.

Señor Fraga Civeira, pese a que tamén cae na tentación de seguir a demandar o xa *cansino* Plan Único de Cooperación, recoñecemos o labor realizado deste Grupo Socialista no seu documento de propostas, como logo lles avanzarei. Primeiro por valorar unha iniciativa deste Goberno Provincial, como é o programa Revivenda, do que piden a súa aplicación no resto dos concellos (*ojalá* tiveramos medios para elo) e ao que xa comprometeu o presidente no mes de setembro na presentación deste plan experimental en

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

función dos seus resultados. Iremos aplicando progresivamente e segundo os recursos dispoñibles. Vemos tamén con agrado que coincidamos na necesidade de apoiar a proxección os nosos produtos agroalimentarios de recoñecida calidade polo que esperamos contar co seu voto favorable á nosa proposta de incluílos baixo a marca Ourense; igual que nós imos aceptar o exposto polo seu seu Grupo por complementario. Formulan, non obstante, outras propostas nas que xa vimos de traballar como a mellora do ciclo da auga nos concellos; labor que dende o ano 9 realiza a Sociedade Provincial de Augas e Medioambiente, Aquaourense, que canaliza a colaboración público-privada para a xestión do ciclo hídrico e medioambiente en todos os concellos da provincia, en todos digo, que o solicitan a esta Deputación Provincial. Non obstante, recoñecemos que esta dura seca que estamos a padecer estanos tamén a ensinar que se requiren respostas e solucións integrais que nos permitan conservar en óptimas condicións o ciclo da auga. En consonancia coa política desta Deputación, na que o medioambiente é unha área estratéxica e así o temos dito en multitude de ocasións, imos apoiar a realización do estudo que vostedes nos propoñen.

Fálannos, por outro lado, do acceso a internet nas zonas rurais, con especial atención ao servizo ás empresas e aos emprendedores solicitando a revisión do proxecto de implantación de acceso a unha rede de banda larga que desenvolve a Deputación con fondos FEDER. A este respecto quero lembrarllas que a cobertura 4G na provincia alcanza máis do 85% do territorio, logo da posta en marcha deste proxecto para a dotación de servizos de calidade de acceso a internet de banda ancha en diferentes concellos. Proxecto que aínda remata, recordo, aínda remata no ano 19 e ao que se engade o plan de banda larga de Galicia 2020, tamén con fondos FEDER. Os adiantos tecnolóxicos e as melloras nas telecomunicacións vannos permitir ofrecer un servizo de conexión a internet de calidade no noso rural e, dada a importancia que esta circunstancia ten no desenvolvemento do nos proxecto de provincia intelixente, tamén imos apoiar a revisión que nos propoñen.

O que non alcanzamos a entender e a súa proposta relacionada coa elaboración dun Plan provincial que asista ao concellos na aplicación do Regulamento referido a o tratamento de datos persoais. Como ben recorda, estou seguro, o señor Bautista (que me alegro que se incorporara ao Pleno porque coas súas ocupacións estou seguro que antes non puido) o pasado 26 de outubro a Presidencia desta Deputación, en resposta a unha pregunta

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

formulada por vostede, señor Bautista, xa lle explicou que se estaba a traballar en dúas liñas de actuación: unha auditoría para coñecer a situación actual e posterior (revise a resposta por favor, dígolle a vostede señor Bautista e señor Fraga Civeira) e digo posterior redacción dun plan provincial para actuacións nos concellos. Esa foi a resposta dos señor presidente. É dicir, que agora piden xa o que xa está en fase de traballo; pero aínda así e sabedores da forte aposta pola transparencia que estamos a facer, o Grupo Popular votará a favor deste punto.

Dado que estou seguro que ninguén porá en dúbida o máis absoluto compromiso deste Grupo, dos seus membros e do goberno provincial contra a violencia de xénero, vímolos de demostrar unha e outra vez aínda que cinguido a esta Deputación, recentemente presentamos o Plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres 2017-2021 que dedica o seu cuarto punto a garantir a protección integral das mulleres traballadoras da Institución que poidan ser vítimas de violencia de xénero. Só é un paso máis referido a un colectivo moi concreto, sabémolo, pero no ánimo deste goberno está impulsar a máxima implicación neste ámbito sexa coa colaboración dos equipos técnicos municipais de servizos sociais que cofinancia esta Deputación, ou tamén co equipo técnico provincial e multidisciplinar que desenvolve funcións de apoio directo aos concellos na área de benestar, como vostedes ben saben; ou mesmo coas Administracións que traballan neste sentido como a Secretaría Xeral para a Igualdade da Xunta de Galicia que conta cunha subdirección xeral para o tratamento da violencia de xénero sen esquecer, e digo sen esquecer, os 14 Centros de Información á Muller –os CIM- distribuídos por toda a provincia.

Polo tanto, e remato xa señor presidente, sendo como é a igualdade unha política irrenunciable para este goberno provincial apoiaremos o Pacto Provincial contra a violencia de xénero que nos propoñen e no que a Deputación de Ourense xogará un papel colaborador cos concellos que vén de cumprir en moitos máis ámbitos de actuación como recoñecerán todos vostedes. En todo caso, e dígollo sinceramente en nome do meu Grupo, grazas polas súas achegas e polo seu ánimo positivo á hora de facelas.

Remato xa, non sen antes lembrar o espírito deste debate que non é outro que dar resposta, señor Pérez Jácome, coas propostas de todos os Grupos que integramos esta Corporación (*bueno*, de case todos) ás múltiples necesidades e lexítimas reivindicacións da

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

sociedade ourensá. O Grupo Popular cre nesta provincia, cre en Ourense e polo tanto, pese a visión pesimista e ás veces ata apocalíptica doutras formacións políticas, non deixaremos de seguir na nosa teima de propoñer novas ideas, de propoñer novos proxectos que redunden en beneficio do territorio e das nosas xentes. Moitas grazas.

O Sr. presidente: nestes cinco minutos de peche, sinceramente agradecer a vocación construtiva tanto do Bloque como do Grupo Socialista como do Grupo Popular. Evidentemente salienta que, segundo as explicacións e ese período previo de trinta minutos –tempo máis que suficiente coñecendo as propostas que cada Grupo presentou- para decidir cal delas apoiar e cal non, vense a producir dezaseis acordos deste Plenario que unidas as dez propostas ás que fixen alusión na miña segunda intervención, son un total de vinte e seis medidas que van a ser realidade nos próximos meses. En absoluto é un debate estéril algo que conclúe con vinte e seis –dezaseis acordos políticos e dez anuncios a maiores, moitos máis dos que se producen nun Pleno ordinario- o que conleva a concluír que é un debate axeitado falar do estado da provincia como acertadamente dixo tamén o voceiro do Grupo Socialista.

Con respecto ao BNG, falou da reforma do Regulamento, simplemente lembrarlle que a súa reforma foi unha das medidas que abordamos tan pronto cheguei á Institución e foi reformado por unanimidade no ano 2015. Este é un Goberno coa man aberta para abordar calquera cuestión, como dixen antes e como direi no futuro, e non nos pechamos en absoluto a calquera medida que sexa positiva e que mellore a situación actual. O que si lle recomendo ao voceiro do BNG é que se pase por Castro Caldelas para que vexa..., non creo que a alcaldesa de Castro Caldelas comparta a súa visión apocalíptica da utilización e do estado actual tanto do Castelo, como do foco de atracción turística que vamos a sumar aos xa moitos que ten Castro Caldelas coa apertura dese Museo Antropolóxico da Ribeira Sacra nas anteriores dependencias do Centro Comarcal que é unha das propostas do Grupo Popular o de utilizar eses centros comarcais da Xunta para darlle utilidade e servizo á xente. Agradecer o talante do Grupo Socialista, evidentemente; recoñecer a utilidade de moitas das súas propostas. Por suposto o talante do meu Grupo, do Grupo de Goberno, que se traduce diariamente no exercicio e na actividade política desta Deputación.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

Simplemente aproveitar para darlle relevo a unha acción que vai ter lugar nos próximos días, que anunciara na entrega do premio de Ourensanía 2016, e que é nin máis nin menos que unha exposición que organiza esta Deputación, que tamén ten moito que ver coa nosa identidade, que é a exposición *In Tempore Sueborum (El tempo dos suevos na Gallaecia)* que como saben foi primeiro reino medieval de occidente, o primeiro Estado de Europa, se podería dicir, e que tivo a súa capitalidade aquí en Ourense. Dicir que se inaugurará o 14 de decembro de 2017 e permanecerá aberta ata o 7 de marzo de 2018, que nela se exporán cerca de 300 obxectos procedentes de 40 museos de dez países (España, Portugal, Austria, República Checa, Hungría, Eslovaquia, Polonia, Bélxica, Francia, Alemaña) en tres espazos expositivos, o Centro Cultural Marcos Valcárcel, no Museo Municipal e tamén na Igrexa de Santa María Nai. Museos de grande prestixio como o Museo de Historia da Arte de Viena, Museo Nacional de Hungría en Budapest, o Museo Estatal de Berlín, o Museo Nacional de Eslovaquia, o Museo Arqueolóxico de Estrasburgo, o Museo Nacional de Arqueoloxía de Lisboa, o Museo Arqueolóxico Nacional. A práctica totalidade dos museos de arqueoloxía de Galicia colaboran nesta exposición que supón un verdadeiro acontecemento cultural a nivel internacional xerando unha grande expectación. Un acontecemento irrepitible, unha realidade que terá lugar aquí en Ourense e garzas a este Goberno provincial, por iso que alí os esperamos ver a todos.

Pido a esta Deputación, a esta Corporación, aos que a conformamos, aos Grupos políticos que esa dinámica, a que mantemos politicamente nesta Institución, sexa de mellora permanente e antes de pasar á votación e para rematar esta intervención quería tamén acordar dun dos grandes da nosa cultura, de Antón Losada Diéguez, o xenio de Moldes en Boborás, cando referíndose aos vellos nacionalistas nun artigo que publicou en *A Nosa Terra* o día 25 de xullo de 1922 titulado *Adiante* dicía precisamente nese esforzo de mellora permanente, que lles pido a todos vostedes, que *todos temos a obriga de rexuvenecer a nosa actividade porque da nosa capacidade para toda unha mocidade constante e para un renacemento de todos os días depende o trunfo do noso ideal*. Iso é o que lles pido e por parte do Goberno, como dixen antes, a man aberta a calquera cuestión que mellore este funcionamento e que, en definitiva, mellore a nosa provincia e sexa capaz de outorgar á nosa sociedade, ás nosas veciñas e veciños, un futuro máis próspero. Moitísimas grazas e bos días.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 1º](#)

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN FORMULADAS POLOS GRUPOS.-

O Sr. presidente anuncia que tal e como establece o formato deste Pleno, procederase á votación individual das propostas de resolución presentadas, comezando pola proposta presentada por Democracia Ourensana.

PROPOSTA DE DEMOCRACIA OURENSANA

Única.- Supresión do debate anual sobre o estado da provincia.

- Resulta rexeitada ao obter o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (7) e do BNG (1).

PROPOSTAS DO BNG

Proposta n.º 1.- Creación dunha mesa de diálogo para estudar un novo modelo de cooperación cos concellos.

- Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Proposta n.º 2.- Participación e transparencia.

- Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) a abstención do Grupo Socialista (7) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Proposta n.º 3.- Plan da rede viaria.

- Por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:
Elaborar un plan da rede viaria provincial incardinado coas redes estatal, galega e fronteira portuguesa, dotándoo de maior orzamento, que permita dedicar os recursos ás vías que prioritariamente o precisen en función de criterios estritamente técnicos.

Proposta n.º 4.- Supresión do INORDE.

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

- Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Proposta n.º 5.- Posta en aluguer dos predios que esta Deputación posúe na Limia.

- Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Proposta n.º 6.- Eliminación da porcentaxe do 5% que actualmente se lles está a cobrar aos concellos pola xestión e cobro dos distintos tributos municipais.

- Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Socialista (7) e do Grupo Popular (14).

Proposta n.º 7.- Elaboración dun Plan de infraestruturas e actividades Culturais e Deportivas.

- Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Proposta n.º 8.- Recuperación da xestión pública e paralización dos procesos de privatización.

- Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Proposta n.º 9.- Creación da Área Integral de Cooperación Municipal.

- Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Proposta n.º 10.- Axudas para paliar os efectos da seca na provincia de Ourense:

- Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (7) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

PROPOSTAS GRUPO SOCIALISTA:

Proposta n.º 1.- Convenios de cooperación cos concellos (economía, medio rural)

- Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Proposta n.º 2.- Medio ambiente

Por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

- Elaborar un estudo en colaboración cos concellos da provincia para analizar o ciclo da auga dende os sistemas de abastecemento ata os de depuración, do que se deriven solucións técnicas, económicas e xurídicas que permitan a mellora dos actuais sistemas; evitando fugas nas redes de abastecemento e depuración e optimizando os sistemas. Tendo como obxectivo, facilitarlles medios aos concellos para que cumpran coa normativa, asegurando os futuros abastecementos, contando cos períodos de seca presentes e futuros, así coma que a auga volva en óptimas condicións ao medio natural.

Proposta n.º 3.- Igualdade

Co voto favorable do Grupo Socialista (7) e do Grupo Popular (14) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Desenvolver un pacto provincial contra as violencias machistas co obxectivo de pór en marcha medidas que tendan a reducir o número de vítimas así como previr e sensibilizar sobre as situacións de violencia de xénero en todo o noso territorio. Este pacto debe contemplar todas as liñas de actuación estratéxicas así como definir o papel asistencial da Deputación no tocante aos concellos de menos de 20.000 habitantes no eido da igualdade.

Proposta n.º 4.- Cultura, deportes e turismo

- Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Proposta n.º 5.- Cooperación cos concellos (medio ambiente, medio rural)

- Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Proposta n.º 6.- Novas tecnoloxías e medio rural

Por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Revisar o proxecto para a implantación dunha rede de acceso á banda larga desenvolvido por esta deputación e cofinanciado con fondos europeos (FEDER), no marco dos programas Terras do Avia, Delorur e Arraiano, para que cumpran co cometido de ofrecer un servizo de internet rural de calidade. Este servizo debería permitir o acceso a internet para o traballo de PEMES e emprendedores do rural coma gandeiros, cooperativas, comercialización de produtos ecolóxicos ou venda en

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

liña de produtos de excelencia, entre outros. E no caso de insuficiencia, unha vez efectuada a revisión, que a Deputación desenvolva un plan de implantación tecnolóxica que, mediante convenios de cooperación cos concellos, poña en marcha puntos públicos de acceso a internet nos núcleos de poboación rural.

Proposta n.º 7.- Infraestruturas, vías e obras

- Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7), a abstención do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Proposta n.º 8.- Economía

Por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Poñer en marcha un plan de apoio á distribución e comercialización, incluído un plan de márketing e comunicación online, dos produtos de calidade e excelencia da provincia de Ourense tales como a castaña, carne, viño, pataca, mel, pan, etcétera.

Proposta n.º 9.- Cooperación cos concellos

- Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Proposta n.º 10.- Cooperación cos concellos (transparencia, administración)

Por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Elaborar un convenio-marco de colaboración cos concellos da provincia que, en consonancia coa previsión de elaboración dun Plan provincial sobre este eido, asista aos municipios na aplicación do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, xa en vigor dende maio de 2016; tendo en conta que comeza a súa obrigatoriedade o vindeiro 25 de maio de 2018.

PROPOSTAS DO GRUPO POPULAR:

Proposta n.º 1.- Reforzamento do Consello Social Provincial.

Co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (7) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

- Elaborar un mapa de diagnose da provincia e un plan de reforzo do labor que desenvolven as distintas asociacións e entidades, caracterizado pola máxima participación e transparencia.

Proposta n.º 2.- Formación en prevención de incendios

Co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (7) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Pór en marcha un programa de actividades denominado “Semana Provincial de Prevención de Incendios”, implicando ao Consorcio Provincial de Incendios e Salvamento, grupos de bombeiros supramunicipais, GES e Protección Civil, para que entre todos consigan transmitir dun xeito eficaz a mensaxe da prevención aos ourensáns, con especial atención aos escolares e maiores, co obxectivo de que a formación en prevención de incendios chegue a toda provincia.

Proposta n.º 3.- Rede de helisuperficies

Co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (7) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Reforzar o compromiso da Deputación co territorio en materia de prevención de incendios e actuacións en caso de emerxencias, co seu esforzo investidor en infraestruturas, cunha rede de “Helisuperficies” en terreos de titularidade provincial.

Proposta n.º 4.- Aproveitamento do pulo do Ano Xacobeo 2021

Co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (7) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Elaborar unha estratexia turística provincial enfocada aos peregrinos, con vistas ao Xacobeo 2021, coa posta en valor dos camiños de Santiago que transcorren pola nosa provincia, así como a Vía Nova ou Vía XVIII do itinerario Antonino que atravesa en diagonal a provincia de Ourense, de suroeste a nordés, desde a fronteira con Portugal en Portela do Home (Lobios) ata a serra de Enciña da Lastra (Rubiá).

Proposta n.º 5.- Cen anos da Revista Nós

Co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (7) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

- Participar activamente na celebración en 2020 dos cen anos da aparición da Revista Nós, auténtico referente identitario social e político con berce na nosa provincia.

Proposta n.º 6.- Aposta por recuperar, conservar e difundir a memoria oral da provincia

Co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (7) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Axudar a preservar para xeracións vindeiras o patrimonio inmaterial da nosa provincia, agora só dispoñible na memoria dos ourensáns máis lonxevos e susceptible de desaparecer progresivamente co paso do tempo. Un xeito de traballar que conta cun espello claro no Centro de Cultura Popular “Xaquín Lourenzo” desta Deputación Provincial.

Proposta n.º 7.- “Marca Ourense”

Co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (7) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Facer un estudo da implantación da “marca Ourense” de calidade na produción agroalimentaria, tendo en conta as denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas coas que contamos no territorio provincial.

Proposta n.º 8.- “Plan Exportou”

Co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (7) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Renovar, en convenio coa Confederación de Empresarios de Ourense, a alianza para reforzar o apoio ás empresas da provincia no ámbito da internacionalización, reeditando o “Plan Exportou”.

Proposta n.º 9.- Mesa Técnica Termal

Co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (7) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Crear e poñer en marcha a Mesa Técnica Termal coordinando diversas administracións en relación con calquera proxecto que se presente, tendo entre os seus obxectivos a axilidade na tramitación.

Proposta n.º 10.- Centros comarcais

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 16 de novembro de 2017

Co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (7) e a abstención do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Facer un estudo da xestión e utilización dos antigos centros comarcais da Xunta de Galicia, como estamos a facer co de Castro Caldelas para situar alí o Museo Antropolóxico da Ribeira Sacra.

E, ás 13.45 horas do citado día dezaseis de novembro de ano dous mil dezasete, o Sr. presidente deu por rematada a sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,